



### ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO DO DÍA 07 DE XULLO DE 2014.

#### ASISTENTES:

##### **Alcalde-presidente**

D. JOSÉ MANUEL FREIRE COUTO( PP)

##### **Concelleiros/as**

D. M<sup>a</sup> CONSUELO VISPO SEARA (PP)

D. MANUEL GARCIA GONZALEZ( PP)

D.<sup>a</sup> MIRIAN PRIETO VALDES (PP)

D. JOSE A. DO OLMO CONGIL (PP)

D.<sup>a</sup> NIEVES CARRIL GÓMEZ (PP)

D. JULIO DOMINGUEZ PATO ( PP)

D. XOSÉ CARLOS VALCÁRCEL DOVAL (PSdeG-PSOE)

D.<sup>a</sup> VICTORIA MORENZA DOFORNO (PSdeG-PSOE)

D.<sup>a</sup> MARIA PRESAS DE PRADO (PSdeG-PSOE)

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> ÁNXELA GONZÁLEZ CID ( BNG)

D. SERAFIN NÚÑEZ PÉREZ (BNG)

##### **AUSENTES**

D. XOSÉ MANOEL FÍRVIDA PLAZA (BNG)

*No salón de plenos da Casa do Concello de Barbadás, sendo as 13:00 horas do día 7 de xullo de 2014 réunese en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o Concello Pleno, baixo a presidencia do Sr. alcalde, coa asistencia dos Sres./as. concelleiros/as. Relacionados na marxe, actuando como secretario, Silvia Alonso Fernández*

##### **Secretaria**

D<sup>a</sup> SILVIA ALONSO FERNÁNDEZ

Comprobado que asiste quórum suficiente para a válida realización da sesión, o Sr. Presidente declara aberto o acto e, seguidamente procédese á análise dos puntos da orde do día.



## PARTE RESOLUTIVA

### 1- APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR

**O Sr. Valcárcel toma a palabra (PSdeG-PSOE):** Antes de empezar gustaríame solicitar que se tivera en conta, que presentamos unha moción, fóra de prazo é certo, e que solicitamos agora que se incorpore con carácter de urxencia, xustificada a urxencia no feito de que se van a facer unha serie de obras no Concello e consideramos que esta moción repercute directamente sobre esas obras, e que se podía incluír nesas obras, solicitamos esa inclusión.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Ben, pois en principio sometemos a votación a urxencia, ¿votos a favor?, ¿votos en contra?, vamos a ver o motivo de que non é urxente é porque xa temos a modificación de crédito feita para aprobar, e loxicamente teríamos que volver para atrás outra vez, facer outro novo plan e loxicamente pois atrasaríamos todo o proceso que está en marcha, entón neste momento entendemos que non é viable, por ese motivo.

**O Sr. Valcárcel toma a palabra:** Solicitamos como incorporada esta moción ou presentada esta moción para o próximo Pleno.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Perfecto, pódena propoñer se vostedes estiman oportuno, despois como rogo ou como queiran

**O Sr. Valcárcel toma a palabra:** Non, non, será como moción

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Pois logo queda incorporada para o próximo Pleno, xa está, non hai ningún problema.

Ben dito iso, entón empezamos co Pleno Ordinario, co primeiro punto do orde do día que é a aprobación da acta do 09/06/2014 que teñen todos copia, e se teñen algo que alegar este é o momento.

**A sra. Ánxela toma a palabra(BNG):** No fondo a acta está ben redactada dado que é literal, pero consideramos que o idioma galego cando se escribe deberíase escribir correctamente, igual que o español ¿non?, entón hai certos erros ortográficos, pero fundamentalmente hai un que salta moito que é o “y”, que aparece en moitas das intervencións, entón se pode evitarse poñer “y”, e poñer “e”, aínda que na fala utilizamos o “y” ás veces, pois que se transcriba como “é”, e despois hai na páxina 16, nunha intervención miña, estou falando en galego e de repente cambio ó castelán, pero cambio ó castelán porque fago unha lectura literal dun texto que aportaron vostedes, entón gustaríame, cando menos que puidera poñer entre comiñas.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Perfecto, non hai problema. ¿Algo máis?, ben, pois aclaradas esas



dúbidas de esas matizacións, ¿votos a favor da acta?

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado por unanimidade o seguinte punto:

**“Aprobación da acta anterior do 09/06/2014”**

### **2- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS**

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Ben, pasamos ao punto dous que é o expediente da modificación de crédito, que teñen todos copia indubidablemente, sen prexuízos de que os pormenores técnicos os describa a Secretaria, dicir que vamos facer unha modificación de crédito con cargo o remanente de Tesourería, un é un suplemento e outro é unha modificación.

Con relación ó suplemento de crédito é para pavimentación da rede viaria municipal de 80.000 euros, estaba en 80.000 euros e se aumentan a 99.192, e aparte de esta obra hai outra de 15.691 que é para a ampliación de vial en Os Fornos, San Amaro é Barbadás, que se había solicitado varias veces, é aparte entendemos que é moi necesario é urxente porque se está fundindo o camiño, e non poden acceder por unha das vías que ten o barrio este.

O crédito extraordinario é tamén de 100.841 mil euros para tres actuacións; unha é para a Inversión en rehabilitación de reposición de Parques e Xardíns do Concello de Barbadás, como se teñen demandando e é necesario aquí no Pleno en reiteradas veces, outro para a Inversión nova en ordenación do tráfico no Concello de Barbadás, que é para pintar a Valenzá, concretamente pasos de ceбра e sinalización e unha partida de 8.296,50 para a Instalación de bocas de rego tamén na Valenzá, que solicitou Protección Civil, que hai zonas que quedan moi lonxe as que hai, e ante unha eventualidade dun incendio pois é necesario poñelas.

En concreto, esta modificación de crédito por un lado, a primeira son 114.883, e a segunda son 100.841, quedando o superávit, o remanente de tesourería perdón, a día de hoxe, unha vez feitas estas dúas modificacións en 531.861 mil euros, partimos dun remanente de 747.587, e quedan agora 531.861 euros.

Superar este remanente que se pretende sen prexuízo de que se poidan tomar outras decisións, pero en principio a idea que ten o Concello é dedicalo a un plan de emprego a mozos e parados de larga duración, non solo con cargo a este remanente de tesourería que son cincocentos e pico mil euros, se non incluso unha vez que se cerre o exercicio do 2014, se houbera remanente de tesourería trataríamos de engadir, parte de ese remanente de tesourería a este, para facer este plan, como digo Plan de



emprego, para as persoas que neste momento o están necesitando máis, como son os mozos, e os parados de longa duración, incluso en coordinación de Servizos Sociais, para aquelas familias que teñan risco de inclusión social, que hai algunhas pois para facer un plan para intentar axudar, hai xente que a día de hoxe non ten nin RISGA, nin cobra nada e loxicamente se ven no paro, e teriamos que buscar algunha formula, xa digo en combinación cos Servizos Sociais, que son os que detectan este tipo de persoas, para facer gastar este remanente de tesourería, pois axudando ás persoas que máis o necesiten neste momento no Concello de Barbadás, e dito esto pois nada máis se a Secretaría quere intervir, loxicamente ten a palabra

**A sra. Secretaría toma a palabra:** Soamente sinalar que o suplemento de crédito consiste na ampliación dunha partida xa existente, o crédito extraordinario consiste en xerar unha partida, que non existía, dotada orzamentariamente, e ambos vanse financiar co cargo ó remanente de tesourería dado que se cumpren os requisitos establecidos legalmente, por un lado a inexistencia de débeda, en segundo lugar o cumprimento da regra de gasto, en terceiro lugar o cumprimento do período medio de pago aos provedores, e por suposto a existencia de superávit, ademais se trata de inversións financeiramente sostibles, e sinalar que como xa destacou o Señor Alcalde, aínda queda un remanente de tesourería sobrante para dedicalo a outras funcións, nada máis, gracias

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Ten a palabra o voceiro do BNG

**A sra. Ánxela toma a palabra:** Dende o BNG consideramos que estas continuas modificacións de crédito que vostedes traen ó Pleno, cada certo tempo, son produto en realidade da súa falla de previsión cando elaboran os orzamentos, tanto no relativo como digo á elaboración dos orzamentos, como no relativo á planificación do mantemento e arranxo dos distintos espazos do Concello. Estas partidas ben podían estar recollidas, dado que son problemas que vimos demandando dende a oposición dende hai moito tempo, ven podían estar recollidas, dado que son problemas que vimos demandando dende a oposición desde hai moito tempo, ben podían estar recollidas como digo nos orzamentos, e haber unha planificación plurianual que temos pedido moitísimas veces, pois por exemplo para o arranxo dos parques, dos viarios, do tráfico, etc.

As súas actuacións xa as coñecemos ben, a falla de previsión e de planificación é de previsión levan a actuar a salto de matas sen priorizar as necesidades máis urxentes que poden existir, sen planificar prazos e obras e actuando moitas veces en función da proximidade ou non das eleccións municipais.

Por outra banda, nós consideramos que vivindo como estamos nunha situación de profunda crise económica que esta incrementando as desigualdades sociais, e as necesidades de moitas familias, o



remanente de tesourería debería destinarse en primeiro lugar e de xeito prioritario a cubrir as necesidades das familias do Concello, ¿por qué non destinalos por exemplo a un plan de emprego xuvenil?, dende xa, non despois se sobra, senón antes, e si sobra as obras, ou ¿por qué non destinalo aos nosos maiores co incremento de persoal na axuda a domicilio, ou ao xantar sobre rodas, ou á axuda económica para mercar materiais escolares no mes de setembro, ou axuda económica ás persoas pensionistas que teñen ademais que pagar os medicamentos, ou o pago da luz ou alugeres, para persoas que o mellor están cobrando unha pensión mísera, e se ven con moitas necesidades para chegar a fin de mes, e si aínda así hai remanente, entón destinalos a obras.

Señor Alcalde, neste momento de crise económica o remanente de tesourería debería destinarse a gasto social, e facer un esforzo conxunto para que as persoas máis castigadas pola crise económica puidesen levar unha vida con garantías de certa estabilidade. Entón dende o punto de vista do BNG, o plantexamento que fan vostedes, está ben en parte, no sentido de que agora no Pleno, acaban de dicir que o que sobrava, ía a ir a un plan de emprego, en parte, pero o noso plantexamento é o revés, é dicir, primeiro destinen o diñeiro de tesourería, priorizando as necesidades que hai, e despois as obras, porque primeiro son as persoas.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moi ben, ten a palabra o voceiro ou a voceira do PSOE

**O sr. Valcárcel toma a palabra:** Pois ben, dicir que vostede nos acaba de plantexar unha serie de actuacións que se van a realizar desde o Concello, entre eles están o pintado ou a sinalización viaria no Concello, pero reclamamos que tamén se fagan rebaixas ou rebaixes no que afectan ás barreiras arquitectónicas, que hai un montón delas, e son realmente prioritarias porque hai moitísima xente que non pode utilizar as beirarrúas e que non poden circular ou deambular correctamente con tranquilidade e con normalidade dado que hai unha serie de barreiras que impiden esa deambulación correcta e sen perigo. Entrando xa no que é o expediente de modificación de créditos, dicir que ó longo do ano o goberno do Señor Freire e do PP traen ó Pleno diversas modificacións de crédito, unhas veces para modificar substancialmente os orzamentos, outras veces para facer fronte ó recoñecemento extraxudiciais de crédito, é dicir, para pagar facturas pendentes, o máis sorprendente é que hai unha recente modificación de 15.000 euros, a pouco máis dun mes de haber sido aprobados os orzamentos de este ano, isto xa nos deixou, vamos, sorprendidos de todo, e agora resulta que a sorpresa é maiúscula, xa que a metade do exercicio, créanse e supleméntanse créditos por un importe total de 125.000 euros, vostedes da a sensación de que fan os orzamentos coa finalidade de incumprilos, esa é a sensación que temos desde a oposición, a lo menos dende o Grupo Socialista, e argumento esa



afirmación, é que as desviacións este ano son absolutamente enormes, son practicamente do 100%, destinan á investimentos reais nos orzamentos do 2014 a contía de 232 mil euros, é dicir o 4,25%, e a modificación que plantexan hoxe representa iso o que dicía unha modificación do 100% sobre as previsións que vostedes fixeron hai tan solo seis meses, o Grupo Socialista consideramos que esta forma de actuar en relación ás contas públicas é incumprir unha das regras básicas do orzamento que non é outra que a de realizar unha programación real dos gastos, ó cabo de seis meses, xa nos veñen cunha modificación do 100%, sobre os investimentos, é dicir, iso non é un planeamento de ningún tipo, ¿En base a que criterio se elaborou o Grupo de Goberno, o Partido Popular os orzamentos para o ano 2014?, a resposta para nós é evidente, fanse sen ter en conta as necesidades da veciñanza, e tan só para dar cumprimento a unha esixencia legal, xa que transcorridos poucos meses convertese en papel totalmente mollado, levamos anos denunciando que o importe dedicado a investimentos é total e absolutamente insuficiente, e con estas modificacións e cas afirmacións que vostede acaba de facer resulta que se nos ven a dar a razón, o que é mais lamentable aínda e que intentan enganar a veciñanza, ¿cales son as razóns para estas modificacións?

Pois é evidente, que o ano que ven temos que elixir un novo Alcalde, esa é a razón pola que se fan estas modificacións, esa é a realidade, non outra, vostedes non están pensando nas carencias e necesidades de Barbadás, vostedes están pensando exclusivamente, abro comiñas “en lo suyo” e pecho comiñas, por que está en castelán, e ademais téño así posto.

Se o Señor Freire e todos os Concelleiros e Concelleiras do Partido Popular pensaran no ben común os investimentos houberan sido superiores, xa en anos anteriores, xa que había posibilidades económicas para facelo, e volvo argumentar, temos un superávit, un remanente de tesourería líquido no 2013, que é o que vostede utilizan agora para facer estes investimentos e estas modificacións, que ascende a 747.000 euros, pois ben o remanente no 2012, é dicir no exercicio anterior foi de 964 mil euros e vostedes non o utilizaron Señor Freire, pero claro para o ano que ven hai eleccións, entón temos que utilizar o remanente do 2013 para investimentos e para ganar as eleccións, volvo insistir o ano pasado o remanente de tesourería foi de 964 mil euros e non se utilizou do xeito que se utiliza agora, e houbo algún ano no que o remanente de tesourería superou o millón de euros, non é unha broma, un millón de euros, e vostedes non fixeron ningún tipo de actuacións conforme están facendo agora. Estas cifras poñen en evidencia a forma de gobernar do Partido Popular en Barbadás, vese desinterese polos problemas, inexistencia de planeamento, desprezo total á veciñanza e traballar solo ó ditado das datas electorais, é dicir, que os Servizos Sociais son os grandes esquecidos neste Concello, é unha materia



pendente, hai todo tipo de carencias aquí trouxéronse mocións tanto do BNG como do Partido Socialista, para mellorar a calidade de vida da veciñanza que está máis desamparada e máis desprotexida e vostedes sistematicamente lles votaron esas propostas, creo que son prioritarias esas actuacións, e vostedes non as contemplan neste plan.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Dicir o seguinte en primeiro dicirlle a Portavoz do BNG, como pode ver e vostede o recoñeceu parte das súas propostas xa as temos nós recollidas, co cal pois me congratula e me parece lóxico ademais, porque nós tamén entendemos que primeiro son as persoas, e a finalidade social, máis finalidade social que axudarlles a resolver os problemas á maioría da xente que está no paro, sobre todo á xuventude, algúns mozos que o mellor nunca tiveron primeiro emprego, eu creo que iso xa é unha boa finalidade social, que por suposto parte das inversións que se fagan en emprego, van a ser precisamente para iso que vostede demanda aí, sobre todo para axuda a domicilio, para axudar ás persoas que máis o necesitan, pero se vai a axudar ás persoas que máis o necesitan neste caso a axuda a domicilio creando emprego e dando aparte de axudar a esas persoas axudar a outras dando traballo a outras que están no paro, o sea, que aí creo que coincidimos bastante no tema, co cal non vou a incidir moito máis. Con relación ás críticas do PSOE de que temos moitas modificacións mire, a modificación de crédito vostede sabe igual ca min, que é unha figura que está no Lei de Réxime Local para utilizala cando se necesite e nós a utilizamos, como se utiliza en todas partes cando se necesita, cando sabemos como foi a evolución do gasto por exemplo, e cando sabemos que podemos utilizala porque temos remanente líquido de tesourería, e dicirlle que vostede me está criticando que outro ano e o pasado e non sei que non se utilizou o remanente de tesourería, o remanente de tesourería solo se pode utilizar en unhas condicións moi específicas, non se pode utilizar, segundo o último decreto do Goberno que sacou de 2004, non se pode utilizar para o que se quere, evidentemente, e estamos limitados por ese decreto, co cal non se puido facer, pero o que si está claro é que nós somos previsores, somos previsores porque non gastamos máis do que ingresamos ó contrario, ingresamos máis do que prevemos gastar, o cal iso cara os veciños repercúttelle positivamente como é o caso, que poidamos utilizar ese diñeiro a maiores do que presupostamos para poder devolverllo en forma de servizo, en forma de Servizos Sociais, e en forma de obras que son de extremada necesidade como e este caso, os que traemos hoxe como son as pavimentacións que neste ano, como todo o mundo sabe, foi un inverno moi duro, quedaron os camiños e vostedes o levan reclamado varias veces ademais, pois moi mal parados cos temporais, e grazas a esta previsión que ten o Partido Popular podemos resolver os problemas porque temos un remanente de tesourería líquido



que se pode meter neste caso en isto, e aparte o outro se nos o autorizan por suposto, que hai que dicilo todo falando de emprego require unha autorización previa da Xunta, dos Organismos Estatais, se nolo autorizan, vamos a poder facer esta inversión con cargo a iso, que volve a redundar positivamente na sociedade, que realmente estamos nós aquí para de algunha maneira para facer este tipo de planificación, en forma de traballo, en forma de servizos, e en forma de ben estar social ó final, o sea, eu creo que iso desde o meu punto de vista, e os veciños o van a recoñecer como non pode ser de outra maneira, porque loxicamente non estamos sendo ousados intentando facer un presuposto que non sexa realista e ó final do ano en vez de estar en superávit esteamos en déficit, entón esa é a nosa forma de gobernar, foi a nosa forma de gobernar durante todos estes anos, somos un Concello neste momento e sempre practicamente neste aspecto creo que exemplar, que nunca tivemos débeda practicamente, co cal iso quere dicir que os xestores do Partido Popular que levan estado no Concello de Barbadás e grazas a esa coherencia e a esa prudencia sobre todo, Barbadás ó día de hoxe é un dos poucos Concellos financeiramente moi sostible, que ten superávit todos os anos e loxicamente que ten uns servizos independentemente do que vostedes poidan criticar, todo é mellorable, todo é mellorable, está claro, pero os servizos que ten o Concello de Barbadás son máis ou menos acorde coa poboación que ten, sen deixar de ver que hai algunhas carencias, é certo, pero en todo caso, parte das carencias que ten o Concello de Barbadás, non se houberan podido resolver ca inversión do orzamento municipal. Entón eu non teño nada máis que dicir ao respecto, simplemente someter a votación, salvo que queiran matizar algúns de vostedes algo, este punto.

**A sra. Ánxela toma a palabra:** A súa forma de gobernar polo que sabemos teno imputado xudicialmente, igual que o Señor Baltar que tamén é do seu partido, entón pois a súa forma de gobernar teno aquí 28 anos,

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Como vostede sabe imputado non significa nada, en principio.

**A sra. Anxela toma a palabra:** Si como eu sei, hai xente que por imputacións ten dimitindo e vostede non, iso xa son formas de gobernar tamén, e son tamén principios éticos e morais. En segundo lugar, vostede e moi demagogo, o que está claro que ten moitas táboas, entón está aí, e sabe o que ten que dicir en determinados momentos, pero dende o BNG non estamos en absoluto de acordo ca forma de gobernar do Partido Popular evidentemente, estamos en polos completamente opostos. Dende o BNG levamos reclamando que todo o diñeiro, de remanente de tesourería, neste caso un remanente de tesourería, noutros casos cuestións de urxencia, se destinen a medidas sociais, que faciliten a vida das persoas que hoxe están en crise, eu cando leo as acta do seu goberno, en cada acta hai sempre tres ou





catro persoas que necesitan axudas de emerxencia social.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** E dáselle.

**A sra. Ánxela toma a palabra:** E que se lles dá unha miseria, unha miseria, que non lle solucionan absolutamente nada, son esmolos, realmente son esmolos, entón ¿por qué non parte de ese diñeiro de remanente de tesourería se inviste en Servizos Sociais, e se prioriza dende aí. En primeiro lugar, vostede sabe o que significa priorizar, ¿non?, e vostede neste caso está priorizando as obras, ¿por qué? Por que dentro duns meses vai a ver eleccións municipais, e ten que deixar o camiño preparado,

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moi ben , ese é o seu criterio, o PSOE ten a palabra.

**O sr. Valcárcel toma a palabra:** Pois simplemente dicir que vostede non me contestou á pregunta que lle plantexaba, e resulta que, gustaríanos saber por que o ano pasado non se destinou o remanente de tesourería que era de 964 mil euros a investimentos, ou a Servizos Sociais, ou a axudas sociais, e este ano si, é dicir, ¿cal é o criterio porque este ano si?, e dicir ¿ hai ano electoral o próximo 2015?, si seguramente que si. Nós consideramos que ten que ser utilizado sistematicamente o remanente líquido de tesourería para facer traballos que beneficien á comunidade, sexa un traballo de investimento ou un traballo en Servizos Sociais, consideramos que é prioritario que se estime máis oportuno destinar eses cartos a Servizos Sociais, pero de tódolos xeitos ten que ser adicado ou gastarse ese diñeiro tódolos anos, sabemos que esta é unha figura legal que está contemplada e recollida na Lei e que non hai ningunha ilegalidade en relación a ese uso, pero o ano pasado o exercicio 2012 foron 964 mil euros, e non se utilizaron, non se utilizaron, e o ano pasado foi un ano crise coma este, e o ano pasado tamén había necesidade nos parques, e o ano pasado tamén había necesidade nos viarios, o ano pasado tamén había veciños e veciñas que necesitaban ser atendidos, por problemas de desemprego de axuda a domicilio, e non se fixo, e este ano faise, e volvo insistir tamén xa que vostedes van a destinar eses cartos a obras pois pensen tamén nos rebaixes dos bordes das beirarrúas. As axudas sociais consideramos ademais aquí que non hai ningún tipo de criterio que as regule, de xeito que non estean pendentas da caridade do Concello, porque ó fin e ó cabo conceder unha axuda nunha Xunta de Goberno a título persoal a un veciño ou a unha veciña ó final é caridade, nós consideramos que as axudas sociais teñen que estar regulamentadas, mediante algún tipo de ordenanza para eso están os servizos do Concello, ou Secretaría ou Intervención, que elaboren algún tipo de ordenanza, nós consideramos que ten que ser así, non caridade.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moi ben, estamos falando do expediente de modificación deste ano, non estamos falando nada do pasado, o do ano pasado pasou e loxicamente a Interventora o ano



pasado nos dixo que non podíamos gastar o remanente de tesourería e non puidemos facer nada, este ano nos autorizou para isto e o facemos. Entón sometemos a votación,

**O sr. Valcárcel toma a palabra:** ¿E logo cambiou a regulamentación?

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Vamos a ver eu estoulle dicindo que o ano pasado a Interventora non nos permitiu gastar o remanente de tesourería, este ano nolo permite para estas finalidade concretas e facémolo, vostede pode entender que se nos permitira poder facelo houbéramolo gastado, e aparte que non se pode meter no presuposto ó remanente de tesourería.

**O sr. Valcárcel toma a palabra:** Se dixo iso, a Secretaria me está indicando que houbo unha modificación legal gustárame saber cal es esa modificación legal, por que eu teño entendido que para este tipo de investimentos e para Servizos Sociais, si que se podía haber feito xa o ano pasado, non sei si me equivoco, ¿pregunto?

**A sra. Secretaria toma a palabra:** Vamos a ver este non é un tema que me corresponda a min, é dicir é un tema que lle corresponde á Interventora que non está presente no Pleno, pero si que existe este ano unha nova regulamentación destinadas a inversións financeiramente sostibles, e a iso é o que se refire. Non, o ano pasado si que había unha traba, descoñezo os pormenores, se queren me los estudio, pero a Interventora supoño que vira en uns días, claro pero é iso o ano pasado si que existían trabas para a utilización do remanente de tesourería, e iso foi o que informou a Interventora, iso si é certo.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Ben, pois sometemos a votación entón o punto este, a modificación de crédito, ¿votos a favor?, ¿votos en contra?, ben queda aprobada cos votos a favor do Partido Popular e cos votos en contra do BNG e do PSOE.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo: “**Aprobación do expediente de modificación de créditos**”

### **3- APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES URBÁNS, RÚSTICOS E DE CARACTERISTICAS ESPECIAIS.**

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Pasamos ao punto tres, que é a aprobación inicial da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre bens inmobles rústicos e urbanos, e de características especiais.

Sen prexuízo volvo a dicir como antes, dicir que antes de que explique a Secretaría o que estime oportuno, dicir que debido precisamente a que temos unha situación económica sostible, e debido tamén a que como se acaba de ver, hai unhas arcas saneadas economicamente. pois entendemos que é



o momento de rebaixar os impostos ós veciños de Barbadás, xa que si ben é certo que todos estes anos estiveron colaborando, tamén hai que dicilo non tiñamos o IBI no máximo permitido pola Lei, nin moito menos, o máximo permitido é do 1,1% e nós tiñámolo no 0,6%, e o vamos a rebaixar ó mínimo, tiñámolo nun 0,5% perdón, vámolos a rebaixar ao 0,4% que é o mínimo permitido pola Lei, para que loxicamente a situación da xestión económica que leva neste caso o Concello de Barbadás, dalgún xeito pois repercuta tamén de forma beneficiosa para que estes veciños teñan que pagar menos impostos a partir do ano que ven. Ós feitos me remito, o motivo está claro, se temos superávit porque razón lle vamos querer cobrar máis aos nosos veciños, o normal é, que aquelas persoas que son as que contribúen financeiramente a soste o Concello de Barbadás, pois si está ben saneado e si hai superávit non hai porque subirlle os impostos, ó contrario a nosa intención como digo é baixalos, e o vamos a baixar ó máximo que permite a Lei, é dicir, que vamos ser un Concello ou uns dos Concellos que en cuanto ós impostos de IBI, de bens inmobles se refire, vai a estar dos máis baixos que ten o País, porque está no 0,4%, porque non pode ser menos, e iso volvo reiterar os veciños o valorarán como é lóxico en función da coherencia do gasto que houbo neste Concello, porque se fixeron cousas e se fan cousas igual que en todos, pero non dilapidamos, non malgastamos senón que racionalizamos o gasto e loxicamente grazas a iso pois agora nos podemos permitir esta rebaixa de impostos, e como digo se a Secretaría o estima oportuno que lle dea contido técnico a proposta e despois sometemos a votación o punto.

**A sra. Secretaría toma a palabra:** Eu reitérome de que isto é un asunto económico, pero vou a informar simplemente de que como todo trámite de modificación dunha ordenanza require a aprobación inicial, que se realiza ou realizará neste momento, exposición ao público durante un prazo de trinta días, a efecto das alegacións, pódese reclamar contra elo, e despois no seu caso de haber alegacións, resolveranse nun novo Pleno coa aprobación definitiva, publicación e entrada en vigor. Hai que sinalar que neste caso a ordenanza non entrará en vigor ata o 01 de xaneiro, pola natureza del propio imposto de bens inmobles, aínda que o trámite se remate en setembro ata xaneiro non entra en vigor, grazas

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moi ben, ten a palabra o voceiro do BNG.

**O sr. Serafín Núñez toma a palabra (BNG):** Dende o Grupo Municipal do BNG temos que indicar que efectivamente pois nos congratulamos de que o equipo de goberno, o Partido Popular, vaia vindo ó rego, vaia vindo ó rego do BNG, algo que o BNG leva pedindo ano si e ano tamén, estas rebaixas do 0,50 ao 0,40 e algo que non é novo, e algo que a Lei permitiu, e permitiu anos ha, que nós levamos



pedindo, e que nunca se fixo, nunca se fixo porque nunca interesou, posiblemente interesa nesta ocasión porque para o ano 2015 é un ano electoral, entón “hai que empezar a vender cositas”, e este é unha delas, pero dicimos que efectivamente pois non nos parece xusto, para a veciñanza. Temos manifestado, efectivamente noutras ocasións que esta rebaixa do tipo impositivo van redundar nun aforro considerable nas maltreitas economías familiares do noso Concello, e que entendemos por que hoxe si, e antes non se fixo, cando o BNG por exemplo pois si o puxo enriba da mesa en moitas ocasións. En definitiva podemos estar de acordo con determinadas cuestións desta ordenanza, por exemplo, no que falamos por exemplo no artigo 6 da cota tributaria, onde se estipulan que os bens inmobles de natureza urbana se pase a un 0,4%, na natureza rústica un 0,30%, é dicir aí pode haber cuestións onde si que nos parecen acaídas, porque entre outras cousas o levamos pedido, pero hai outro tipo de cuestións, outro tipo de artigos, por exemplo o artigo 5 onde fala das exencións e bonificacións, no segundo paragrafo, onde di “terán dereito a unha bonificación do 50% na cota do imposto de bens inmobles, os inmobles que constitúan o obxecto da actividade das empresas de urbanización construción e promoción inmobiliaria, é dicir nós por aquí evidentemente non podemos pasar, é dicir a nós nos parece isto unha tomadura de pelo, vostedes seguen premiando aos que especulan, vostedes seguen premiando aos que por detrás lle regalán o que lle regalán, ¿de acordo?, vostedes seguen nesa tesitura, entón para nos dende logo isto é inadmisibile, podemos estar de acordo con determinados posicionamentos, con determinados artigos desta ordenanza, pero dende logo non con este. No artigo 5 por exemplo, nos últimos parágrafos falan das bonificacións en función dos números de fillos, de acordo, pero seguen sen ter en conta as rendas, seguen sen ter en conta os IPREM, seguen sen que se estipulen pois uns cadros onde realmente se vexa, en función das economías das rendas das familias que rebaixas teñen a que acaerse, porque senón non, nos parecen acaídos, e voulle por un exemplo, vou por un caso, vamos a pensar nunha familiar da obra, unha familia do opus que teña 6 ou 7 fillos, e que teña uns ingresos de centos de miles de euros o cabo do ano, ¿hai que bonificar a esta familia?, no padre, é dicir, noutro caso, unha familia do común que estean no paro e que teñan un fillo solo, logo ¿non se bonifica porque solo teña un cativo?, non é xusto, hai que ver que rendas teñen e en función das rendas, imos a deducir. Mire para ir rematando e dado que a semana pasada vostede anuncio na prensa que non pensaba presentarse ás eleccións do ano 2015, nós temos que dicirlle que dende logo que dimita xa, que dimita xa, polo beneficio deste Concello, polo ben da cidadanía deste Concello, non dimite en diferido “versus” Dolores de Cospedal, dimita xa para permitir que efectivamente este Concello recupere o paso, poda



desenvolverse urbanisticamente, hai sectores que están paralizados pola súa culpa, como pode ser o AR-10, onde hai infraestruturas dentro vitais para o desenvolvemento do noso Concello como pode ser o instituto que seguen paralizados por culpa de vostedes, porque no foron quen de pór os terreos a disposición da administración, e se vai a seguir paralizando ano tras ano. En definitiva detectamos moitas cuestións que nos levan con relación a esta ordenanza, a absternos na votación do punto e anunciamos que efectivamente, no prazo que estableza a Lei dos trinta días, pois presentaremos as alegacións pertinentes para mellorar na medida de que poidamos esta ordenanza fiscal.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moi ben, ten a palabra o voceiro ou voceira do Partido Socialista.

**O sr. Valcárcel toma a palabra:** Empezando polo final, dicir que o paso neste Concello non se recuperará índose solo vostede Señor Freire, o paso neste Concello recuperárase cambiando de equipo de goberno, e entrando outros partidos a gobernar. Neste asunto, coma noutros moitos que son de importancia para a veciñanza de Barbadás, e que afectan aos seus petos e aos servizos públicos, o Señor Freire sempre chega tarde, o Señor Freire e o Partido Popular sempre chegan tarde, tarde e ma. Chegan tarde dado que o Grupo Socialista xa solicitou en dúas ocasións que se reducira o tipo de gravame ao 0,4% en maio do 2008, é dicir, hai xa 6 anos, 6 anos que a veciñanza ven reclamando está modificación e que vostede fixo caso omiso, e solicitouse novamente en xuño do ano pasado, seguimos facendo caso omiso por parte do Partido Popular, e chega mal por dúas razóns, a primeira porque non se modifican as bonificacións, que no Partido Socialista de Barbadás consideramos insuficientes e que xa propuxemos incrementar no ano 2008, agora está máis xustificado que nunca que as bonificacións se modifiquen substancialmente, e a segunda razón é máis ca evidente, está revisión do IBI faise nada máis que por razón de puro electoralismo, non hai outra causa. A veciñanza ven reclamando esta modificación, dende hai moito tempo, pero vostedes esperan para aplicala ó ano no que se celebran as eleccións municipais. Con esta forma de actuar damos por feito, que o ano que ven tamén haberá piscina climatizada, un Centro de día, un novo centro de día como dicía o seu programa electoral, facéndonos crer que xa había un, un Centro de Saúde novo, e por suposto tamén un instituto e tamén serán ampliadas as piscinas públicas, esa é a súa forma de actuar.

Esta é a marabillosa Valenzá, Barbadás que temos, da que vostede fala maravillas e que esta é a realidade Señor Freire. Para o Grupo Socialista é evidente que esta revisión puido haberse feito xa hai uns anos, vostede fala dos cartos sobrantes, pois podía facer antes, o que propón o Goberno Municipal do PP é unha simple redución do tipo de gravame, pero unha ordenanza de importancia que ten esta, e que afecta a toda a cidadanía do Concello, debe servir tamén para introducir criterios de



xustiza e de equidade social, xustiza social e equidade fiscal, e nestes tempos de crise máis que nunca. No Grupo Municipal Socialista consideramos que as bonificacións que se recollen na nova ordenanza son totalmente insuficientes, xa que son as mesmas que ata o de agora, e afectan unicamente ás familias numerosas, hoxe por hoxe resulta xusto e imprescindible aplicar bonificacións aos colectivos máis prexudicados pola crise económica, como poden ser os desempregados e as desempregadas, establecendo criterios para acreditar esa situación. Outro criterio que se debería ter presente tamén nesta ordenanza e o de a ocupación das vivendas, hai que empezar a pensar, senón sería oportuno aplicar un tipo máis alto a aquelas fincas urbanas que están totalmente desocupadas polos seus propietarios e que non se destinan ao aluguer, están paradas, mortas, aí postas. Vostedes seguen primando na súa ordenanza, aquelas actividades que simplemente están vencelladas á construción e por suposto á especulación, por qué non se priman actividades en canto o IBI que aporten valor engadido a esta comunidade, a este Concello, actividades como poden ser a servizos sociais, como pode ser unha empresa que está destinada a servizos xeriátricos, a servizos de asistencia maior, por pór exemplo sen máis, vostedes seguen premiando outro tipo de actividades, os da antiga economía, iso é o que premian vostedes. Como xa sinalaba antes, esta redución do gravame chega tarde, ten un cariz completamente electoralista, e no Grupo Socialista vamos a argumentar estas afirmacións, o impacto de estas modificacións nas arcas municipais será nulo, nulo, non enganen á veciñanza dicíndolle que lle vai a supor un aforro, non hai aforro, non hai tal aforro. A previsión para o 2014 era recadar, un millón novecentos mil euros, un millón novecentos mil euros co IBI, pois resulta que é o mesmo importe que se recade o ano que ven, un millón novecentos mil euros, as previsións eran, creio lembrar de dous millóns cen, pero vale van a ser tamén o ano que ven, de un millón novecentos mil, pero non é aforro para a realidade social para o veciño, o veciño deixa de pagar, pero non ten unha redución con relación ó ano anterior, non, vai pagar o mesmo, o importe total previsto para a recadación do IBI do ano que ven é de un millón novecentos mil euros, e este ano é o que se vai recadar tamén, o mesmo, o Concello vai recadar o mesmo, e volvo a insistir, que a situación da tesourería que o señor Freire argumenta, e do cal fixo agora un mitin, sobre esa situación permitía xa haber aplicado esta redución anos anteriores señor Freire, a realidade é esa, vostede acaba de facer un alegato total e absoluto defendendo a situación do Concello, que me parece xusto e que me parece correcto que o faga, está no seu dereito, pero esa mesma situación era aplicable o ano pasado, e o ano anterior, e o ano 2008 no que o Partido Socialista solicitou a modificación do gravame ó 0,4, e vostede non o fixo, as razóns son evidentes, é ano electoral. Un aspecto máis que tiña que ser recollido na



ordenanza é a posibilidade de fraccionar o pago desta taxas, posibilidade que foi proposta a finais do ano pasado nunha moción presentada polo Grupo Socialista e que vostedes tamén desbotaron, iso sería tamén beneficiar ós veciños e veciñas. A modificación da ordenanza que vostedes presentan é absolutamente superficial, xa que só afecta ó gravame, os Socialistas reclamamos unha revisión global e integral da mesma de xeito que ademais do gravame se modifiquen como dixen antes as bonificacións, a forma de pago, e tamén algún desconto adicional por domiciliar bancariamente o imposto que tamén o plantexamos a finais do ano pasado vostedes rexeitárono. Imos votar a favor, porque consideramos que recolle basicamente certos aspectos que plantexou sempre o Grupo Socialista, insisto en dúas mocións no 2008 e no 2013, pero vamos a presentar alegacións que consideramos que deben modificar substancialmente este tipo de imposto.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moi ben, pois alégrome moito de que voten a favor, o cal quere dicir que están de acordo. Está de acordo ca proposta nosa, evidentemente, o que goberna loxicamente, baixar impostos, é o máis democrático e o máis lóxico que ten que pedir, pero hai que saber cando se poden baixar e cando non, baixar os impostos cando corre risco a estabilidade orzamentaria, non se poden baixar, cando non corre risco como é o caso si se poden baixar, e de que non baixamos impostos vostede está equivocado, con esta nova ordenanza rebáixanse os impostos o 20%, porque vostede sabe que estaba planificado o incremento anual, co cal isto supón unha rebaixa do IBI do 20% por veciño, o ano que ven van pagar un 20% menos, iso que quede claro. E falando da proposta que traía outros anos, tamén eran anos electorais cando vostede fixo, no 2011, e máis nós, pois naquel momento considerábase que non era viable e non se fixo, agora coherentemente consideramos que é viable, por iso o facemos e o traemos agora, entón iso é o que hai, e que quere que lle diga, eu pois me congratulo de que voten a favor, e é unha pena que vostedes non voten a favor tamén e que se absteñan porque en este caso eu creo que é algo que sempre estiveron pedindo e agora. En cuanto as bonificacións, miren vostedes tanto uns coma os outros, en cuanto ás bonificacións, as que están recollidas son bonificacións digamos que estables, porque si empezamos a poñer bonificacións digamos polo IRPF, porque estás no paro, porque isto, porque o outro, iso desde o punto de vista administrativo, é un problema entendo eu complicado, porque hoxe están no paro e mañá non, porque hoxe ten unha situación económica e mañá ten outra, o que ten fillos, o normal e que sexa estable, o que ten tres, cinco ou un, ou os que sexan, esa é unha situación estable, agora para ese tipo de bonificacións dos impostos, están outro tipo de impostos como vostedes saben, as taxas que se pagan na Escola de fútbol, na Escola de música, como nas Escolas deportivas, é dicir, e si porque é algo que



controlamos nós da nosa man, ano tras ano, e se poden controlar ese tipo de exencións ou de bonificacións, pero no imposto do IBI é bastante complicado levar a cabo isto, entón entendo que o pidan, pero teñen que entender dende o punto de vista práctico non é moi asumible, e nada máis.

**O sr. Núñez toma a palabra:** Imos ver, eu desde logo para nós non é así, é dicir, os cidadáns presentan unha declaración da renda ano tras ano, poden aportar unha documentación si a súa situación económica de ingresos variou do ano anterior, e se pode ver se efectivamente, o que pasa é que é máis cómodo así estipular todo respecto ó número de cativos e da igual que un cobre cinco que outro cobre cinco millóns, da exactamente o mesmo, porque ó final os descontos van ser iguais, é dicir, iso é gana un pouco de non levar traballo e de facer todo máis simple para vostedes, pero evidentemente en detrimento da cidadanía, porque ten que pagar aquel que máis ten, e ten que ter máis beneficios aquel que ten uns ingresos máis reducidos, evidentemente.

**O sr. Valcárcel toma a palabra:** Señor Freire dicir que vostede fixo un bo alegato en defensa da súa xestión económica, pero ese alegato é válido tamén para o 2013, e é válido para o 2012, e válido para o 2011, 2010, 2009, 2008, e nós fixemos a proposta xa no 2008, non era ano electoral, recórdollo eu, non era ano electoral, polo tanto non se baixou o IBI, e fixemos a proposta novamente no 2013, e tampouco era ano electoral señor Freire, non me terxiverse as datas, fixémosla no 2008, xuño do 2008, e fixémosla no 2013, xuño do 2013, polo tanto a situación económica que vostede defende era válida tamén nesas datas, pero vostede non aplicou esa redución do IBI, polo tanto sexa coherente, entón estamos demostrando que actúa con demagogia, e con afáns electoralistas, nada máis. Unha pregunta que lle quero facer á señora Secretaria, si nós votamos agora a favor, podemos facer alegacións, e despois si esas alegacións en relación ás bonificacións, non nos convencen podemos modificar o voto.

**A sra. Secretaria toma a palabra:** Si, é dicir, o voto é independente, son diferentes trámites, administrativamente si, aprobación inicial é un acordo. Tecnicamente se pode, aprobación inicial é un voto, o período de exposición pública, é para alegacións as que cada un queira interpoñer, aprobación definitiva é outro voto diferente, polo tanto os sentidos do voto poden variarse, claro que si.

**O sr. Valcárcel toma a palabra:** Dado que é así, nós anunciamos a nosa abstención, porque como dixen antes imos a presentar alegacións, e alegacións substanciais que afectan ó pago por parte dos veciños dese imposto.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moi ben, pois entón entendo que abstense o PSOE e o BNG, e votos a favor do Partido Popular.





Sen máis sométese o asunto a votación, resultando aprobado cos votos a favor do Partido Popular, e as abstencións do PSdeG-PSOE e do BNG o seguinte acordo: “**Aprobación inicial da Ordenanza Fiscal reguladora do imposto sobre bens inmobles urbanos, rústicos e de características especiais**”

#### **4- MOCIÓN DO BNG PARA DENUNCIAR A SITUACIÓN DO PARQUE DOS PATOS E SOLICITAR A SÚA LIMPEZA E COIDADADO.**

O Parque dos Patos, na Valenzá, pasa por ser o parque “insignia” do goberno do concello. Así aparece en todas as fotos, reportaxes e calendarios que o concello paga con diñeiro público. No entanto, este feito no é dabondo para mantelo nun adecentado estado. Na parte superior do muro que se atopa máis próximo á ponte hai unha auténtica matogueira. A bouza alí acumulada e o abandono desta zona provoca que a veciñanza teña que convivir con cobras e ratas perto das súas vivendas. Incluso se teñen metido nos garaxes dos edificios próximos. Segundo os propios veciños e veciñas é común ver correr ratas de gran tamaño entre os edificios, entrar na rede de esgotos e esconderse na bouza que hai neste espazo. Ademais dos problemas de saúde que esta situación pode provocar, estase a desperdiciar un espazo, unha zona verde, que podería ser utilizada para lecer e uso da veciñanza. Aliás, cando os nenos e nenas xogan ao balón no parque e se lles embarcas por riba do muro, estes teñen que ir buscar o balón onde hai cobras e ratas agochadas. Para o BNG deberíase condicionar este espazo, pondo un valado protector para evitar caídas desde o muro e eliminar a zona de matogueira, facer corredores para as persoas maiores, para que poidan pasear nenos e nenas pequenos e con bancos para o descanso de quen o precise.

Por todo o exposto, o BNG de Barbadás solicita do Pleno da Corporación Municipal de Barbadás a adopción do seguinte

**ACORDO:**

Que o concello de Barbadás elabore un proxecto de reforma da parte alta do Parque dos Patos eliminando a matogueira existente, proceder á súa limpeza e adecentar a contorna para uso de disfrute sa veciñanza.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Pasamos ó punto 4, que é unha moción do BNG para denunciar a situación do parque dos patos e solicitar a súa limpeza e coidado. Ten a palabra a súa voceira ou o seu voceiro.



**O sr. Núñez toma a palabra:** Xa na lexislatura anterior, este grupo municipal rexistrou algunha solicitude ó respecto de melloras con relación con este Parque dos patos da Valenzá, donde denunciábamos que se debiera proceder a unha poda das distintas ramas de arboleda existente, nesta zona alta do Parque dos patos, a que linda realmente, a que entronca ca rúa do Picouto, porque realmente se enredaban co cableado telefónico, e había unha serie de cuestións que entendíamos que debían ser melloradas, penso que efectivamente pouco ou nada se fixo xa dende entón ó respecto. Hoxe traemos aquí esta moción, despois de que moitos veciños das rúas colindantes, da rúa do Ensino, da rúa do Picouto, etc, pois nos trouxeran queixas da situación calamitosa na que se encontra esta parte alta do Parque dos Patos. Reza na nosa moción que efectivamente para o Partido Popular, non deixa de ser un parque insignia, en toda a propaganda, en toda a parafernalia, nos calendarios, nas cousas que emiten de publicidade municipal, etc. Pero o que está claro é que a realidade do parque en si, dista moito disto, é dicir, por nada que vaias por el, ves que efectivamente pois hai bancos absolutamente destrozados, pero literalmente destrozados, papeleiras rotas, fóra dos seus anclaxes, farolas que unhas funcionan e outras non, hai silveiras por medio dos mirtos que deberan facer das separacións das zonas. Esta situación tristemente é repetida, non é a única a do Parque dos Patos, pero como hoxe traemos esta moción, algo que se pode visualizar no resto das zonas verdes do Concello. Efectivamente onde hai concesións, miramos para outro lado como é o caso, e onde non as hai, pois o traballo que desenvolvemos mediante as brigadas pois é xusto, ou ningún. Ben, o malestar da veciñanza radica en que como efectivamente non se limpa nada, a matogueira existente nesta zona alta do Parque dos patos pois alberga os balóns dos cativos que xogan na zona, e alberga desde ratas hasta cobras, é dicir, os veciños nos teñen manifestado en moitas ocasións que están asombrados de que efectivamente desde esta maleza se meten cara a rede de saneamento, entran hasta os garaxes, é dicir, é absolutamente un despropósito, non é por xerar alarmismo, senón é o que realmente os veciños comentan, que a situación non é acaída. Na Comisión informativa a semana pasada, falouse deste tema, de que efectivamente GESECO estaba facendo este traballo, pois hai que esixirlle a GESECO pois que efectivamente este traballo o faga, e o faga con presteza, porque realmente non chega, é dicir si é semestral que se faga con unha maior periodicidade, pero desde logo non é posible que en pleno século vinteun teñamos situacións deste calado, é dicir, un rato haino onde queira, pero o que non se pode permitir é este tipo de situacións, e que non é puntual do Parque dos patos, senón que algo que se estende por o resto do Concello. O sentido da moción é moi claro e conciso, cómpre colocar un valado protector para evitar que os balóns dos cativos que xogan naquela zona pegado ó bar, pois vaian a esa



zona superior onde quedan aí “sécula seculorum”, e efectivamente ese valado debera de tamén imposibilitar e prever caídas desde ese muro, é dicir, é un muro que ten unha serie de mirtos que levan anos e anos plantados, que nunca se podaron, que nunca se limparon, e que efectivamente pois non é o xusto, non é o acaído. Coa eliminación da matogueira existente, que non serve para nada máis do que acabamos de falar, pois se eliminaría efectivamente o escondite de toda esta bicharada que acabamos de dicir. Hoxe toda nesta zona do parque non pertence a unha zona verde, máis ben é como unha montina, onde realmente en vez de haber carqueixas ou xestas, como pode haber nun monte que non teña xestión, aquí hai mirtos, hai determinada vexetación que se plantou no seu momento pero está absolutamente abandonada, é igual que teñamos carqueixa ou uces que teñamos isto. Entón en definitiva que os técnicos municipais elaboren un proxecto de mellora desta zona do parque para que a veciñanza poda facer uso del, xa que hoxe efectivamente non pode. Entón o acordo da moción pois di que o Concello de Barbadás elabore un proxecto de reforma da parte alta do Parque dos patos, eliminando a matogueira existente, proceder á súa limpeza e adecentar a contorna para uso de disfrute da veciñanza. Técnicos “tiene la santa madre” e poden sentarse a desenvolver un proxecto, onde se desenvolvan viais, onde se adecúa aquilo para que a xente o disfrute, xa que hoxe non o fai, non pode facelo.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Ten a palabra o voceiro do Partido Socialista.

**A sra. Presas toma a palabra (PSdeG-PSOE):** Para o Grupo municipal socialista a situación na que se atopa o Parque dos Patos a que fai referencia na moción o BNG non é nova nin única, é común atoparnos no Concello con parques e zonas verdes totalmente esquecidas e abandonadas por pór un exemplo recente, o caso que trouxemos a Pleno de Sobrado no que había zonas de lecer cheas de herbas e matogueiras, ou por exemplo o parque se é que se lle pode chamar así que está aquí á entrada de Barbadás, que saíu na prensa o 12 de xuño debido ó seu mal estado, no estado de abandono total. E son moitas as zonas esquecidas nas que se actúa unha vez, aínda que non o acepten, unha vez que a oposición as pon enriba da mesa, unha vez que nós vimos cun tema como trae hoxe o Bloque, actúase, córtase a herba, arránxanse, póñense valados, e de feito queda demostrado que a inversión que se vai facer en parques e xardíns demóstrase que temos razón, que a oposición ten razón, e que é unha situación calamitosa na que se atopan todos os parques, zonas de lecer e xardíns do noso Concello. Nós imos votar a favor da moción do BNG.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moi ben, pois nós tamén imos votar a favor, porque dentro do que cabe, estábamos pensando en facer algo similar, porque é lóxico, entendemos que son certas os



argumentos que se utilizan para a moción, e nada máis. Votos a favor me imaxino todos.

Sen máis sométese o asunto a votación, resultando aprobada por unanimidade o seguinte acordo:  
**“Moción do BNG para denunciar a situación do parque dos patos e solicitar a súa limpeza e coidado: Que o concello de Barbadás elabore un proxecto de reforma da parte alta do Parque dos Patos eliminando a matogueira existente, proceder á súa limpeza e adecentar a contorna para uso de disfrute sa veciñanza.”**

### **5- MOCIÓN DO BNG PARA DENUNCIAR O ATRASO NA TRAMITACIÓN DE NOVAS AXUDAS RISGA.**

No último informe remitido polo valedor do Pobo ao Parlamento galego di o seguinte: Este ano, como os inmediatamente anteriores, produciuse un aumento das solicitudes de axudas sociais ante situación de necesidade, como son as Rendas de integración Social de Galicia ou as Axudas de Emerxencia Social. Tamén medrou o número de queixas en relación con elas, sobre todo por denegacións que se consideraban inxustificadas ou por atrasos nas resolucións deses procedementos, que pola súa propia natureza deben resolverse con urxencia”. Nesta liña, son varios os concellos e tamén as persoas que denunciaron os atrasos de máis de sete ou oito meses de retrasos e incumprimentos nas tramitacións da RISGA e da AES. Cómpre lembrar que a Lei de Inclusión de Galiza recolle o seguinte:

“Artigo 37. Resolución”

1. Unha vez finalizada a instrución do expediente, o órgano competente de ámbito provincial da Administración autonómica elaborará a correspondente proposta de resolución e ditará a resolución, que deberá ser notificada no prazo de dous meses desde a entrada da solicitude da RISGA en calquera dos rexistros do órgano competente para resolver “.

No recente informe de Cáritas española podemos comprobar como os datos a pobreza infantil pasou dun 16,9% en 2007 a un 22,2% en 2012 asemade, indica que 30.000 fogares non reciben ningún tipo de ingresos, e son xa unhas 465.000 persoas as que viven na Galiza baixo o limiar da pobreza.

Á luz destes datos, e dado que estas axudas para poder facer fronte a situacións de extrema necesidade e pobreza teñen urxencia para as persoas demandantes, consideramos urxente o que se cumpra a Lei de Inclusión social de Galiza e que se poñan en marcha de inmediato de maneira uexente a tramitación das axudas da RISGA, para o que se deben cumprir os prazos que se establecen a este respecto.

Por outra banda, este incremento de persoas en exclusión social, consecuencia das erráticas políticas



económicas aplicadas durante a crise, corventen en papel mollado os propagandísticos anuncios da Xunta relativos ao incremento da dotación na RISGA para 2014, de apenas 7 millóns de euros, cando para o pagamento da débeda se consignaron sete veces máis (53 millóns de euros), e demostran a necesidade de achegar máis fondos públicos para as solicitudes se resolveren en prazo e para non incorrer en demoras inxustificábeis.

Como consecuencia desta situación o BNG presentou unha iniciativa no Parlamento Galego que acadou o apoio unánime no pleno celebrado o pasado 12 de xuño, que se concreta en instar á Xunta de Galiza a:

- 1- Axilizar a tramitación da Renda de Inclusión Social de Galiza e das Axudas de Inclusión Social para adecuar o tempo aos prazos que marca a normativa vixente.
- 2- Instar aos concello, como administración corresponsable da tramitación da Renda de Inclusión Social de Galiza e das Axudas de Inclusión Social, a axilizar a tramitación dos expedientes, tal e como establece a Lei de Inclusión Social de Galiza.
- 3- Acordar que a todas as persoas que teñan solicitada a Renda de Inclusión Social de Galicia pola Lei de Inclusión Social de Galicia e estean agardando pola resolución da mesma, superado os tempos legais establecidos, lle sexa recoñecido o dereito á percepción da Renda por silencio administrativo.
- 4- Acordar que todas as solicitudes rexistradas antes do 31 de marzo de 2014 se resolvan nun prazo máximo de dous meses.

Por todo o exposto, o BNG de Barbadás solicita do Pleno da Corporación Municipal de Barbadás a adopción do seguinte

**ACORDO:**

Instar á Xunta de Galiza a incrementar a dotación de fondos no programa da RISGA ante o incremento de persoas en situación de exclusión social.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Pasamos ó punto 5 que é unha moción do BNG para denunciar o atraso na tramitación de novas axudas da RISGA, ten a palabra o seu voceiro ou a súa voceira.

**A sra. González toma a palabra:** *Imos falar de pobreza*, e que me gustaría que constara así na acta e a poder ser en negriña e en cursiva.

No último informe remitido polo valedor do Pobo ao Parlamento galego di o seguinte: “Este ano, como os inmediatamente anteriores, produciuse un aumento das solicitudes de axudas sociais ante situacións de necesidade, como son as Rendas de integración Social de Galicia ou as Axudas de



Emerxencia Social. Tamén medrou o número de queixas en relación con elas, sobre todo por denegacións que se consideraban inxustificadas ou por atrasos nas resolucións deses procedementos, que pola súa propia natureza deben resolverse con urxencia”.

Os datos do INE indican que os índices de pobreza en Galiza pasaron do 13,88% no ano 2008, en que comeza a crise, a 17,2% no ano 2013. Estes datos teñen detrás persoas con vida, con corpo, con familias, situacións dramáticas e desesperantes, persoas que por Lei contan cunha axuda que ó BNG sempre lle pareceu moi cativa, pero ó fin e ó cabo unha axuda, e esas persoas mesmo para conseguir esa axuda, pasan por situacións desesperadas, dado que teñen atrasos de 7, 8,9 e 10 meses, e os atrasos son polos recortes de persoal que o Partido Popular está aplicando á administración pública, non só en benestar, senón tamén en educación, en sanidade, e que traen consecuencias nefastas para a poboación como estamos a comprobar no noso día a día, que provocan problemas de xestión e que atascan a tramitación. A solución é fácil duplicar o persoal, por exemplo, e facer que faga todo o posible para desatascar esta situación. E como estamos falando de persoas, eu voulle pór algún exemplo que se pode dar tamén aquí en Barbadás: “Muller separada de ó redor de 45 anos, cunha filla de 22 estudante, non ten dereito a ningunha prestación e está agardando polo RISGA. Muller de 50 anos cun fillo con problemas de adición e cunha discapacidade do 50% recoñecida, esgotadas todas as prestacións só ten neste momento o apoio dunha entidade de iniciativa social-relixiosa, e está agardando polo RISGA. Avoa viúva que cobra 181€ de pensión, e ten que manter a dúas fillas sen traballo e catro netos, está agardando polo RISGA”, e poderíamos seguir enumerando situacións que se dan de seguro na Galiza, e que ben se poderían ubicar en Concellos como o noso cun alto índice de parellas novas que nos últimos anos perderon o seu emprego, e teñen que seguir pagando a súa hipoteca e mantendo ós seus fillos, ou cunha poboación rural maior que coa súa pensión ten que acubillar fillos, netos, etc... O certo é que o índice de pobreza aumentou, e o certo é que as persoas que están detrás de cada expediente están agardando por unha axuda moi cativa. O certo é que para ter dereito á RISGA ou a unha axuda de emerxencia social, hai que estar en situación de extrema pobreza, e a pregunta é: ¿por qué non se cumpre a Lei coas persoas máis desfavorecidas coas que piden unha axuda para comer?, ¿por qué teñen que agardar sete meses, oito meses, dez meses de silencio administrativo?, e ¿por qué unha axuda tan cativa?. Isto ten consecuencia directa sobre os concellos dado que o non dar resposta dende a Xunta ás persoas, vense na absoluta necesidade de acudir ós Servizos Sociais do concello e tramitar axudas de emerxencia social. Ser é unha situación insostible porque todos coinciden en que a axuda é moi cativa, é unha esmola, e efectivamente como antes dixeran, aquí en Barbadás hai varios casos, en



cada Xunta de Goberno Local podemos ver que hai varios casos, que a axuda é moi pequena, que non soluciona en realidade os problemas, é unha esmola, e que non lles dá, e para poder saír desa situación, pero é o único que teñen para poder continuar. O Colexio de Traballadores e Traballadoras Sociais de Galiza, propuxo unha comisión de estudo da que saian medidas para erradicación da pobreza, desde o BNG pensamos que si ben iso sería bo, debemos dar un paso adiante neste momento, e é o de cumprir os prazos e aumentar a dotación de fondos no programa RISGA, dado o incremento de persoas en situación de exclusión social. Está claro que o Partido Popular non está pola labor, a Lei de dependencia está paralizada, hai unha clara aposta por deteriorar os servizos públicos básicos, incrementan a carga impositiva a quen menos ten, e amnistían a quen máis teñen, mesmo hai sospeitas fundadas de que a Conselleira Mato deu orden non escrita de que cando se dea de baixa un expediente se dea de alta outro, o sea, esperar a que haxa unha baixa no RISGA, para dar outra de alta. Por iso a importancia de facer presión desde todos os consellos de Galiza, e por iso a importancia de aprobar esta iniciativa que trae o BNG, e que unha parte xa foi aprobada no Parlamento Galego por unanimidade, a parte da exposición de motivos que dicía o señor Alcalde, que non ía a aceptar, pero en realidade no Parlamento xa está aprobada, porque esta moción levouse ó Parlamento Galego e aprobáronse este catro puntos, si vostede lee a exposición de motivos, verá que se aprobaron este catro primeiros puntos, o acordo, a parte resolutiva desta moción, indica que é instar á Xunta de Galiza a incrementar a dotación de fondos no programa da RISGA ante o incremento de persoas en situación de exclusión social, e iso é o que vamos a aprobar, hoxe aquí, ou non.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Tal como ten así redactado si.

**A sra. González toma a palabra:** Non, é que é así

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Non, pero é que aquí despois ten catro puntos

**A sra. González toma a palabra:** Non, é que estes catro puntos non forman parte da cuestión resolutiva, forman parte da exposición de motivos.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** O de instar á Xunta si, pero ten razón.

**A sra. González toma a palabra:** Entón o BNG o que pretende levando esta moción a todos os Concellos de Galiza, é presionar á Xunta para que cumpra o acordo que se levou a cabo por unanimidade no Parlamento Galego, e ademais instar á Xunta a incrementar a dotación do fondo no programa RISGA, ante o incremento de persoas en situación de exclusión social.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Total e absolutamente de acordo, nós vamos. Ten a palabra o voceiro do PSOE



**A sra. Morenza toma a palabra:** Nós tampouco acabamos de entender por qué os trámites burocráticos tardan tanto en resolverse, por qué non se lle da buscado unha solución definitiva a este tema, e tampouco acabamos de entender por qué a Conselleira de Benestar Beatriz Mato anuncia que se fará un esforzo titánico, non sei como utiliza ela os cualificativos, pero ela di, farase un esforzo titánico para atender ás demandas, e os avances non se están vendo, ese anuncio xa se fixo hai dúas semanas, e despois dunha evidente presión política, pero si existise interese xa non chegaríamos a estes puntos, non se agardarían tantos puntos para dar a orde de priorizar concesións de renda de inclusión socia. Non podemos perder de vista que no que levamos de ano 2014, aínda non se atenderon apenas peticións. A situación é tan preocupante que o Valedor do Pobo como ben dicía Ánxela xa advertiu do aumento de queixas polo atraso da tramitación das rendas RISGA, e queremos incidir tamén que as políticas sociais abarcan axilizar os trámites dos expedientes tanto Concellos como na Xunta, que levan ata sete meses sen resolverse, sete meses sen cobrar nada, dramas, detrás de todo isto, parece que a Mato nin a Feijóo non lle interesan. Resulta evidente que as políticas sociais que puxeron en marcha os sucesivos gobernos socialistas, contrastan co existencialismo que pon en práctica o Partido Popular, mentres que os socialistas como cremos na igualdade das persoas e creamos programas que eviten marxinação social, vostedes recorren continuamente a medidas que máis ben se parecen á beneficencia de épocas pretéricas. As axudas chegan con atraso, mentres centos de persoas nesta agónica espera non poden afrontar os gastos da cesta da compra, non poden pagar o aluguer da súa vivenda, non poden afrontar os gastos de luz e auga, e o PP en lugar de solventar o problema e lonxe de buscar unha saída, como o recoñecemento da inclusión social coma un dereito, anuncia con bombo e platillo un plan para contratar a 6.000 perceptores de axuda RISGA para incorporalos ó mercado laboral, unha medida novamente electoralista a que estaremos acostumados nos vindeiros meses, pero que non solucionan nada, a nós o que nos importa como ben dicía a nosa compañeira do BNG, son os dramas das persoas que están detrás das cifras que vostedes manexan, unha cifra a que recorren vostedes habitualmente e que en 2013 se concederon o 38% máis de axudas RISGA que en 2012, home claro o que significa que o número de expedientes disparouse e que non se adoptaron medidas estruturais, é un problema que non lle gusta nada a vostede, gústalle máis ben as medidas electoralistas, coxunturais, non se adoptaron medidas como dixen, para paliar esta grave situación que están vivindo moitas familias, e todos coñecemos os datos e estamos fartos de repetilos, pero témolos que volver a repetir, do millón de asalariados galegos, un de cada seis vive con só 325€ ó mes, entre o 2009 e o 2012 o número de persoas ás que presta atención Cáritas aumentouse





no 367%, 4.000 persoas viven en infravivendas, albergues ou na rúa; aumentou nun 24% o número de persoas preceptoras da RISGA, o 22% dos menores de 16 anos viven en situación de pobreza, estas cifras son as que nos interesan a nós, pero estas cifras para evitalas, para baixalas, temos que poñer en marcha mecanismos desde os propios concellos que leven ós trámites burocráticos se reduzan no tempo, supoño que o señor Alcalde nisto ten moito que dicir, pode facer algo a este respecto.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moi ben, pois podo aprobar a moción por exemplo, e como estamos de acordo, e creo que non require debate, nós estamos de acordo en apoiala, e punto, entendo que vostedes tamén, entón unanimidade.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobo por unanimidade o seguinte acordo:  
**“Moción do BNG para denunciar o atraso na tramitación de novas axudas RISGA: Instar á Xunta de Galiza a incrementar a dotación de fondos no programa da RISGA ante o incremento de persoas en situación de exclusión social. “**

### **6- MOCIÓN DO BNG PARA SUPERAR O MODELO INSTITUCIONAL DO ESTADO ESPAÑOL E RECOÑECER O DEREITO A DECIDIR.**

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Pasamos á seguinte moción que é tamén do BNG para superar o modelo institucional do Estado Español e recoñecer o dereito a decidir. Ten a palabra a súa voceiro ou o seu voceiro.

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O pasado 2 de xuño coñecemos a noticia da abdicación do xefe do Estado español, o rei Juan Carlos I, e a proposta de continuidade do anacrónico réxime monárquico que padecemos. A monarquía é un réxime incompatible cun sistema democrático, un réxime “vitalicio” e “hereditario” establecido “pola graza de Deus” e que supuxo, no caso español, a continuidade co franquismo. Por outra parte, existe nestes momentos unha fonda desafección a unha monarquía inmersa en escándalos de corrupción, con prácticas profundamente antidemocráticas e que deixan en evidencia o seu papel de simples vividores a custa da cidadanía.

Estamos a asistir a unha operación de cosmética para salvar o réxime, sabedor de estar sendo cuestionado pola inmensa maioría da poboación que non se identifica nin se sente representado pola familia real. Nesta conxuntura, ao BNG non lle vale unha simple mudanza de caras que dean continuidade ao réxime unitario e centralista deseñado na Transición e perpetúen a monarquía como símbolo e garante desa unidade. O que a cidadanía galega precisa é liberdade e capacidade para



decidir. E nese espazo verdadeiramente democrático, onde se garanta o dereito de autodeterminación dos pobos, non ten cabida ningún rei. Por todo isto, xulgamos importante que se inicie un proceso constituínte, baseado na soberanía dos pobos, onde Galiza sexa referente político.

No últimos anos asistimos a un proceso de recentralización política que mingua, aínda máis, a capacidade da Galiza para decidir sobre si propia, sobre os seus sectores podutivos, sobre o futuro. E isto, en medio dunha non menos profunda crise do sistema político español, que atinxe todas as institucións que o conforman, nomeadamente a monarquía. Foi esta mesma monarquía a que veu funcionando como principal elemento simbólico dun sistema político que nos nega como nación e que impide o noso libre desenvolvemento como pobo.

Por todo o exposto, o BNG de Barbadás solicita do Pleno da Corporación Municipal de Barbadás a adopción do seguinte

### ACORDO:

Instar á Xunta de Galiza a que demande do Goberno do Estado español o inicio dun proceso constituínte onde as nacións sexan o referente político, para garantir o dereito de autodeterminación dos pobos que conforman o Estado español recoñecendo o noso dereito a decidir.

**A sra. González toma a palabra:** Ben, ademais da profunda crise económica que aumenta as desigualdades sociais, estamos vivindo unha profunda e grave crise institucional e política, provocada por un sistema político corrupto o que vostede o PP colaboraron de xeito bastante activo o que fai que cada vez unha parte máis grande da sociedade cuestione a súa lexitimidade. O actual réxime político naceu dunha pseudotransición que baixo a aparencia de mudanzas cara unha sociedade democrata o único que fixo foi perpetuar as estruturas de poder do franquismo. Non hai máis que ver quen ostentaba e ostenta o poder económico, por exemplo; a Monarquía a todas luces incompatíbel co máis mínimo sentido democrático instalouse como herdeira do propio franquismo. Un réxime político que non quixo resolver a través da Constitución un dos principais problemas político institucionais que arrastraba o Estado Español de vello, a articulación política do Estado, e o dereito e recoñecemento e o exercicio da soberanía das nacións que o configuran e os seus pobos, constitución iso si foi mudada nunha tarde entre PP e PSOE para garantir o espolio do pobo para pagarlle á banca o que permite facer un rei en quince días. Desde o BNG defendemos que a abdicación de Juan Carlos I, tiña que abrir procesos constituíntes nas nacións para que se recoñeza o dereito á autodeterminación, e se lles dese a oportunidade de decidir que tipo de estado querían constituír, así como a forma de relacionarse entre eles, pero os partidos do réxime, preferiron un apaño para facer rei a Felipe VI, fai quince días,



esquecendo que hai un proceso imparábel con distintos graos de consolidación que obrigará a abrir este camiño. Estamos ante un momento de cambio constitucional para dar resposta á demanda de soberanía do pobo Catalán e tamén un proceso que se está iniciando en Euskadi, e do que en Galiza non pode quedar ausente ou fóra deste debate. Galiza máis que nunca precisa ser dona do seu propio destino, ter capacidade de decidir e soberanía política, capacidade de decidir sobre os seus sectores produtivos e crear emprego para que os seus mozos e mozas non emigren. Precisa recadar os seus impostos para dar cobertura ás necesidades de servizos do seus cidadáns e que non recaden en Madrid e nos vendan a súa falsa solidariedade. En definitiva Galiza máis ca nunca necesita ter estruturas políticas propias non subordinadas ó Estado e poder decidir que relacións mantén co resto dos pobos do Estado. A posición e capacidade de influencia que Galiza ten nese proceso depende que empecemos xa a manifestarlle ó Estado Español a nosa vontade de exercer como Nación e ter poder político propio. O Bloque Nacionalista Galego, ten claro que traballará para que Galiza estea presente nese proceso, pero vostedes que teñen a máxima responsabilidade política terán que decidir se por unha vez escollen ser defensores dos dereitos da nosa Nación, ou prefiren seguir sendo como dicía Castelao uns imperialistas fracasados. O acordo da nosa moción é instar á Xunta de Galiza a que demande do Goberno do Estado español o inicio dun proceso constituínte onde as nacións sexan o referente político, para garantir o dereito de autodeterminación dos pobos que conforman o Estado Español recoñecendo o noso dereito a decidir.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moi ben, ten a palabra o voceiro ou voceira do Partido Socialista.

**O sr. Valcárcel toma a palabra:** O primeiro que quero dicir é que o Partido Socialista é un partido que respecta a Constitución, e que defende a sustancia da democracia. Para os socialistas é indubidable que a Constitución ten que ser reformada canto antes polas canles que en ela se recollen, e someterse a referendun á vontade popular, que ratificará ou non a forma de goberno, os aspectos territoriais que tanto preocupan ás nacionalidades históricas, e por suposto a defensa do estado do benestar, que para nós é a sustancia fundamental da modificación constitucional. Tamén deben ser revisados moitos máis aspectos que afectan á convivencia da cidadanía, e que repercuten no futuro de todos e todas. Hai pouco máis de trinta e cinco anos, aprobouse unha Constitución que agora amosa importantes síntomas de esgotamento provocando graves defectos no funcionamento das institucións. Pero non se pode esquecer que os problemas fundamentais de toda a cidadanía veñen marcados por tres aspectos básicos: a crise económica, o paro e os recortes e a corrupción. Resulta evidente que estes problemas non se van a ser resoltos con cambiar unha monarquía por unha república, as



solucións virán da man de máis democracia, máis xustiza social e máis transparencia. Diante da pregunta ¿monarquía ou república?, a resposta para o Partido Socialista é clara máis democracia, máis emprego e máis consenso. E debemos ter presente que moitos dos países con máis dereitos sociais, maior benestar, máis conciencia solidaria e máis transparencia democrática son estados con unha monarquía constitucional moi asentada, falo de Suecia, Dinamarca, Holanda, Bélxica, etc..., e polo tanto insisto, a pregunta no é monarquía ou república. España precisa de debate e diálogo, e non enfrontamentos exarcebados que levan a situacións estériles e un canellón sen saída que nos sumirían nunha eterna crise. O debate e o diálogo son básicos para dar unha solución definitiva ó problema do encaixe territorial das Nacións Históricas, a resposta do Partido Socialista neste caso tamén é nimia, federalizarismo. Moitos dos estados con máis cohesión social son estados federais, esta cohesión permite o fomento e o respecto das diversas entidades e identidades nacionais; tamén temos que debater entre os galegos e galegas cara onde queremos ir, e que tipo de autogoberno queremos darnos, que sempre dentro das canles legais e respectando o verdadeiro sentido do Pobo Galego que sempre apostou polo entendemento. Unha vez que este proceso de debate finalice, todos e todas temos que respectar a vontade democrática expresada nas urnas.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moi ben, pois nós tamén por suposto como non pode ser doutra maneira, estamos pola labor de respectar a vontade democrática expresada nas urnas, como non pode ser de outra maneira, e a vontade democrática expresada nas urnas, hasta o de agora é a Constitución que temos, e para cambiar esa Constitución hai que poñerse de acordo loxicamente os partidos políticos, que son os que realmente terán que cambiala, en este caso, sobre todo a nivel nacional, e nós desde o Concello de Barbadás con relación a iso non temos máis que sumarnos a esa decisión democrática que ten que vir da man dos partidos políticos e loxicamente referendada polo pobo no seu momento, entón aquí agora, desde aquí facer unha proclama de que instemos á Xunta de Galicia a que se abra un proceso constituínte, a verdade é que me parece demasiado forte en primeiro lugar e demagóxico, iso si que é demagóxico, porque en primeiro lugar, nin temos capacidade para iso, para máis que tomar esta decisión, mandala á Xunta, e a Xunta pois loxicamente pois que faga con ela o que estime oportuno, entón entendo que este non é o debate, este non é o foro, e nós tampouco estamos de acordo con este tipo de plantexamento que fai o Bloque, porque desde o punto de vista ideolóxico, como vostede ben sabe, nós defendemos por suposto unha Galicia con capacidade para decidir, por suposto que si, pero non desta maneira, en plan bravata como vostedes lle chaman. Entón nós vamos votar en contra desta moción.



**A sra. González toma a palabra:** Teño dereito a réplica. A verdade é que non me sorprende nada, non sorprende absolutamente nada, por un lado o Partido Popular reitérase nunha España, unha grande e libre evidentemente, porque vai na súa ideoloxía, e o Partido Socialista como sempre non se molla, é dicir, ó Partido Socialista como sempre dálle igual ser monárquico que republicano, porque vota a favor da monarquía, e cando fala da república, ou fai mobilizacións en contra da OTAN e despois vota que si a entrada na OTAN, e fala de república española, pero non sei que. Nós non falamos en ningún momento de república española no que esta moción, e non falamos loxicamente de república española, nós falamos do dereito de autodeterminación das nacións do Estado Español, e o dereito das nacións do Estado Español son Galiza, Cataluña e Euskadi. En Cataluña estase dando un proceso de debate moi forte en torno a autodeterminación do pobo, en Euskadi estase iniciando, e Galiza non pode quedar fóra, Galiza no pode quedar fóra porque diso depende o noso futuro, e o noso futuro ten que pasar, e non o dicimos nós, xa non o di o Bloque, xa o dicía Castelao ao que vostedes vilipendian de xeito constante, ten que pasar indiscutiblemente por un goberno propio, e por unha toma de decisións propia, e por un poder económico propio. Entón desde o BNG non estamos pedindo que se levante en armas e salgan á rúa, como queren facer ver, estamos pedindo unicamente que se inste á Xunta de Galiza a que demande do Estado Español o inicio dun proceso constituínte, que tarde ou cedo se vai facer, porque están facendo presións dende o pobo Catalán, desde a nación Catalá e desde Euskadi, que nos vai pasar, o que nos pasa reiteradamente, historicamente en este País, que sempre nos quedamos á cola, iso é o que nos vai pasar, e ese tren nós non o podemos perder.

**O sr. Valcárcel toma a palabra:** No Partido Socialista consideramos que os procesos que se inician de xeito unilateral están advocados ó fracaso. Están advocado ó fracaso simplemente porque non foron debatidos previamente, e ademais non teñen acollida na Constitución, por iso plantexamos inicialmente se modifique a Constitución seguindo os canles que están estipulados e marcado por ela. Os procesos de modificación dun autogoberno deben ser iniciados, como dixen eu antes, mediante o debate e o diálogo, unha vez que se chegue a acordos e creo que aquí si que o Partido Popular é o que impide sistematicamente a modificación do Estado, da situación do autogoberno Galego, porque houbo un debate no seu momento cando gobernaba o Partido Socialista, a través de Emilio Pérez Touriño, houbo un debate que se iniciou para modificar o Estatuto de Autonomía, e para mellorar o autogoberno de Galicia, e sen embargo o Partido Popular bolqueouno, nós estamos a favor de modificar o estatus de Galicia, mediante o consenso, o debate, o diálogo e o referendun, iso é polo que aposta o Partido Socialista, e o Partido Socialista móllase nesas situacións, móllase por ese



proceso, queremos consenso, debate e diálogo, e o que decidamos entre todos sometelo á vontade dos galegos e das galegas, que son os que definitivamente deciden, e sempre decidirán.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moi ben, pois entón sometemos a votación o punto, ¿votos a favor?, ¿votos en contra?. Queda rexeitada cos votos do Partido Socialista e do Partido Popular.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando rexeitado cos votos en contra do Partido Popular e do Partido Socialista e os votos a favor do BNG o seguinte acordo: **“Moción do BNG para superar o modelo institucional do Estado Español e recoñecer o dereito a decidir”**

### **7- MOCIÓN DO PSdeG-PSOE PARA PÓR EN MARCHA UN PROXECTO DE ACELERACIÓN EMPRESARIAL DO EMPRENDEMENTO E DO COMERCIO LOCAL EN BARBADÁS.**

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Pasamos ó punto número sete, que é a moción do Partido Socialista para pór en marcha un proxecto de aceleración empresarial, do emprendemento e do comercio local de Barbadás, ten a palabra a súa voceira ou o seu voceiro.

**O sr. Valcárcel toma a palabra:** As novas tecnoloxías da información e da comunicación provocaron e seguen provocando un gran cambio na realidade social e na vida cotiá da cidadanía. A aplicación destas innovacións á actividade económica, ademais de ofrecer unhas importantes vantaxes de competitividade para as pequenas empresas e o comercio polo miúdo, tamén representan múltiples beneficios para os consumidores e as consumidoras. O desenvolvemento das grandes superficies comerciais representa hoxe unha ameaza para o comercio polo miúdo e tradicional. E para este tipo de empresa faise imprescindible polo tanto, a utilización de novas estratexias de venda, creando asociacións, formas de xestión conxuntas e xerando mecanismos de modernización e innovación. Entre as prioridades do Grupo Socialista destacan o fomento do comercio local e a creación de emprego. Non podemos esquecer que o comercio é un dos eixos básicos da economía de Barbadás e que mantén vivos un gran número de postos de traballo. No ano 2010 o Partido Socialista de Barbadás presentou unha iniciativa para elaborar un Plan de Comercio Local que non foi tida en conta polo goberno do PP e que en marzo deste ano levamos a pleno unha moción para reactivar o desaproveitado, o que nós consideramos desaproveitado, Centro Empresarial Transfonteirizo. Hai que dicir, hai que destacar, que Barbadás ten un enorme potencial económico pola súa privilexiada situación a carón da capital provincial, pola xuventude e dinamismo da súa veciñanza e tamén por ser



un dos Concellos máis importantes da provincia. Consideramos tamén que é chegado o momento de que Barbadás sexa o eixo nunha aposta polo emprendemento e o comercio, que teña como base todas as oportunidades que permiten as novas tecnoloxías. Barbadás ten que ser un polo de atracción económica para aquelas empresas, comerciantes e emprendedores que pensen en clave de “novas tecnoloxías”, é dicir, en clave de futuro. A actitude do PP e do Sr. Freire é de total pasividade: non hai iniciativas nin innovación que permitan fomentar a actividade económica e menos aínda modernizar o tecido comercial e empresarial de Barbadás e situalo no século XXI favorecendo así a competitividade e a creación de emprego estable. E desde logo a colaboración cos novos emprendedores está totalmente desaparecida, e á proba me remito, os orzamentos do Concello nese aspecto contemplan nada, practicamente nada. O máximo exemplo da ineficacia neste eido márcao o Centro Empresarial Transfronteirizo que se caracteriza por un baixo nivel de actividade e que ademais non está presente en todo aquilo que atinxe ás TIC aplicadas ó emprendemento e ó comercio, no que se caracteriza e polo que se caracteriza o Centro empresarial transfronteirizo é por ter un custe moi elevado para as arcas do Concello, un custo de persoal, que desde logo non un custo en formación. Os Socialistas consideramos que a pesares de todas estas afirmacións, este Centro Empresarial aínda así ten futuro o para iso cremos que é precisa a participación activa do Polígono Virtual de Galicia. Para os Socialistas de Barbadás o CET pode e ten que ser un referente no tecido empresarial e económico da provincia. En todos os temas que afectan o emprego dinamización económica e apoio ós emprendedores e ás emprendedoras só pode ter un camiño, e o camiño é sumar, non se tratar de excluír ningunha opción, que poida supor un avance neste eido, a suma de todas as opcións son as que permitirán ter éxito en Barbadás, debe e ten que ser pioneiro Barbadás en profundar nos novos sistemas que permitan por remedio á grave lacra social do paro. A redución do desemprego no noso Concello ten que vir da man dos pequenos emprendedores e dunha estreitísima colaboración co comercio local, e por suposto apostando polas novas tecnoloxías. A sociedade busca medios que permitan dar un novo pulo ás políticas de emprego e emprendemento que se desenvolven desde as institucións e que en moitos casos están cegas a estas iniciativas. O noso labor o dos políticos o das persoas que nos adicamos á política, é a de abrírnos ás novas iniciativas que aporten un valor engadido, e que se fai desde as institucións que en moitas ocasións están centradas en manter un estado de cousas que favorece tan só ó poder establecido e moi lonxe da realidade social. E na provincia de Ourense temos unha iniciativa absolutamente innovadora, por fin hai algo que xorde, que é novo e que pode ser referente incluso a nivel Galicia a nivel Estatal, e de feito conseguiu varios premios a nivel Galicia, esta iniciativa,



apoiadas polo Partido Popular, desde logo, pola Xunta de Galicia, que foi quen premiou estas iniciativas. O Polígono Virtual de Galicia permite a creación dun espazo virtual perfectamente estruturado que faculta e permite ós empresarios, comerciantes e emprendedores crear os seus propios proxectos, funcionando coma un colectivo que ofrece os seus servizos e produtos ó mundo por medio das TIC. En definitiva, pretende axudar a emprendedores e empresas na súa evolución tecnolóxica mediante o uso de internet e das novas tecnoloxías. Queremos destacar que o Polígono Virtual de Galicia ofrece soporte en materia administrativa, fiscal, laboral, legal tanto ós novos emprendedores como ás empresas xa formadas. Dada a enorme relevancia que está adquirindo o Polígono Virtual de Galicia, este precisa dun espazo físico para ubicarse e os seus responsables consideran que Barbadás é o lugar idóneo. O Polígono Virtual de Galicia formula apoiar sen custo algún para ós emprendedores e tamén ás empresas de Barbadás sempre que o Concello ceda parte das instalacións do Centro Empresarial para impartir cursos de formación e foros de debate sempre vencellados co emprendemento, a creación de emprego e as novas tecnoloxías. Tamén serían utilizadas as instalacións do CET para que os novos empresarios do entorno puideran contar cunha ubicación axeitada para comezar os seus proxectos baixo a supervisión do Polígono Virtual e coa colaboración do Concello de Barbadás. Este Polígono Virtual proporcionará ós seus asociados e tamén ós novos emprendedores os seguintes servizos de xeito gratuíto: Asesoramento fiscal, laboral, contable e legal, como xa dixen antes, un TPV de entidades bancarias nacionais, unha tenda virtual de capacidade máxima 1 Xiga e unha plataforma de comercio electrónico. Todo isto do que estou falando da tenda virtual e do TPV supón un custe para os comerciantes, ou para os empresarios preto de dous mil euros, que terán gratuíto. Hai que destacar que o PVG dispón de dous “Puntos de Atención ó Emprendedor – P.A.E” homologados polo Ministerio de Industria e un deles ubicaríase en Barbadás no caso de chegar a un acordo co Concello. Aquí quero dicir ademais que o señor Alcalde, probablemente, polo que intuimos na Comisión, a ver si agora o convencín, non quere valorar a posibilidade que supón un importante estímulo para todos os emprendedores e comerciantes de Barbadás, e non valora, ou espero que valore, quero cambiar a afirmación, espero que valore o que supón esta iniciativa como centro de atracción e lugar de referencia para iniciativas innovadoras en toda a provincia. Unha vantaxe engadida a todas as mencionadas na exposición da moción, sería a posibilidade de aloxar a páxina web do Concello nos servidores do polígono virtual, o que suporía tamén un aforro aproximado de dous mil douscentos euros anuais, este aloxalo nesta páxina web, ou neste servidor, sería de forma gratuíta. Señor Freire no relativo ó funcionamento dos organismos dependentes da Administración,





neste caso local, a cidadanía no só esixe un bo funcionamento, tamén reclama transparencia na súa xestión e que se afaste do que a señora Secretaria definiu perfectamente no último Pleno como “chiringuitos da administración”, definiunos perfectamente, e nós non queremos que o CET se converta nun “chiringuito de administración”, aínda que vai camiño de, porque quero ser suave, e para iso é imprescindible, porque quero sumar, precisamente digo isto porque quero sumar, e para isto é imprescindible que estes organismos se abran á colaboración coa sociedade, e conten coa participación activa da mesma, como neste caso pode ser o Polígono Virtual de Galicia. Polo tanto o acordo que someto a consideración deste Pleno é: Iniciar de xeito inmediato contactos co Polígono Virtual de Galicia para asinar un convenio de colaboración mutua que teña como finalidade a posta en marcha dun proxecto de aceleración empresarial, do emprendemento e do comercio local en Barbadás. E agradecer que non se me interrompera e que se me dera probablemente máis tempo do que está estipulado no Regulamento.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Non hai problema, cando as cousas son coherentes, non hai porque interromper, cando non son coherentes ao mellor hai que paralas para evitar dicir máis sandeces e tonterías.

**O sr. Valcárcel toma a palabra:** Agradézolle que fale de coherencia, porque nós intentamos traballar con coherencia sempre.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Ten a palabra o voceiro do BNG.

**A sra. González toma a palabra:** Nun mundo global no ca caída do consumo provocada pola actual crise económica é unha realidade, este sería un elemento dinamizador do comercio local e de apoio ós emprendedores que non se ten porque rexeitar. Na parte resolutiva o PSOE unicamente solicita que se inicien os contactos para ver si se poden chegar a acordos que supoñan unha dinamización e un apoio nos emprendedores e niso nós estamos de acordo, por que non, si ben e enlazando coa moción anterior, un autogoberno posibilitaría, e suporía pór en valor os nosos sectores produtivos e iso si serían medidas estruturais, e iso si sería creación de emprego, pero desde o BNG pensamos que con isto, con ser un elemento dinamizador en ningún caso é a solución á problemática. E pór en valor os nosos sectores produtivos aquí en Barbadás, por exemplo, foi solicitado durante moitísimos anos en lexislaturas anteriores, desde os tempos do Rube, darlle valor por exemplo a algo que tiñamos de aquí propio como era o rianxo, do que vivían moitísimas familias e non vivían mal, porque moitas familias gracias ó rianxo incluso puideron estudar ós fillos.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Eu son froito diso.



**A sra. González toma a palabra:** Seino, moitos. Sen embargo aquí un aspecto tan importante na nosa economía deixouse, non se fixo nada, non se tomou ningunha iniciativa, a pesares de ter traído a oposición, o BNG concretamente moitísimas iniciativas en ese sentido. Somos orixinalmente un Concello vencellado ó rianxo, ós produtos da horta, por que non apostar tamén por unha lonxa onde as mulleres de Barbadás poidan vender os nosos produtos, e máis, modernizarse nese sentido. Hoxe está moi de moda os produtos ecolóxicos, por que non explotar tamén o monte, paraxe únicas como os Muíños, no que o BNG deu pasos e se quedou en nada en canto houbo un cambio de goberno. Señor Freire agora que está a piques de deixalo todo, tal e como o anunciou, sabe o único que pode dicir que fixo en vinteito anos de goberno, construción, construción e construción, fixo edificios, e ademais estamos asistindo con vostede ó seu esvaecemento político nas perores condicións, imputado por aproveitarse do seu cargo público, presuntamente, abandonado polos seus mentores e polo seu partido, que está poñéndolle en bandexa que se marche xa, e increpado pola oposición para que dimita, ¿non lle parece triste.?

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Non, porque se fora verdade o que vostede di, pero como non é nada verdade do que vostede di.

**A sra. González toma a palabra:** Como non é verdade, e logo non está imputado xudicialmente, e logo Baltar non lle está dando as costas.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** A min non me está dando as costas para nada.

**A sra. González toma a palabra:** E logo non o fixeron dimitir do INORDE.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Ninguén me fixo dimitir de ningún lado, iso si que llo digo eu.

**A sra. González toma a palabra:** Foi unha decisión propia.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Pois é unha realidade.

**A sra. González toma a palabra:** En definitiva, nós imos votar a favor da moción do PSOE, si ben pensamos que son medidas dinamizadoras, pero que non son medidas que se puideran conseguir desde unha posición política na Xunta de Galiza independente, e que non son medidas que favorezan tampouco, non é a única medida que poida favorecer a recuperación económica.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moi ben, nós tamén imos votar a favor, e imos votar a favor pero dicindo o seguinte: vamos a ver, parte desas propostas, en primeiro lugar vamos votar a favor polo contido do acordo, é dicir o acordo di que fagamos uns contactos previos para elaborar un convenio, aí é onde haberá que matizar o que se vai facer e o que non se vai facer, paréceme que é coherente o plantexamento, e dicir que parte moi importante de todo iso que vostede plantexa aí como soporte de



asesoramento técnico, financeiro, xurídico, de creación de empresas, de cursos de conferencias, todo iso xa se está facendo no CET, entón a nós non nos supón en absoluto nada a maiores, salvo loxicamente o que é o polígono virtual que nos pareceu sempre unha boa idea, eu felicitei ó Alcalde no seu día, e a nós danos igual quen sea quen sea, mentres haxa unha iniciativa boa, nós a vamos a apoiar, como fixemos sempre ademais, non é agora solo. Entón vamos a apoiar a iniciativa por suposto, para que se elabore ese convenio, aí nese convenio haberá que plasmar o que se poda facer e o que non, se pode facer e adiante, e todo o que sea apoiar ó comercio local, novas iniciativas e novo emprendemento, para iso estamos, nós sempre o fixemos, quero dicir, e outra vez reiterar desde o Centro empresarial lévase facendo iso desde que existe, teño aquí un relatorio do que se está facendo, que é practicamente o que vostede dixo antes, salvo o do Polígono virtual, entón nós encantados de apoialo e esperemos que frutifique.

**O sr. Valcárcel toma a palabra:** Eu xa lle estou plantexando, eu falei con estes señores evidentemente, non veño aquí cas mans, facendo unha oferta ó azar, eu falei con estes señores e eles están dispostos a chegar a este tipo de acordo co Concello de Barbadás, evidentemente vostedes teñen que negociar con eles que son os responsables deste Concello, nós congratulámonos de que apoiem esta moción. Nós sempre presentamos mocións en plan construtivo señor Freire, e alégranos moito que a agora vostede apoie esta. Tamén dicir que no seu momentos presentamos outras mocións vencelladas ó comercio local que non apoiaron, pero alégranos desde logo que vaia recoñecendo que o camiño pode ser este. E en resposta ó que di a compañeira Ánxela, o polígono virtual, e este tipo de iniciativa pode contemplar de feito, pode dinamizar o rianxo de Barbadás, como quen di o rianxo, di outras actividades, a cuestión é que son emprendedores e emprendedoras que teñen que asociarse a este polígono virtual e eles serán os que decidirán si queren, eles refirome ó emprendedor si queren participar ou non.

**A sra. González toma a palabra:** Para que haxa emprendedores hai que poñer en valor os sectores produtivos, se non se poñen en valor, por exemplo a través dun banco de terras por exemplo, que se podería facer a nivel municipal, como se fai o banco de tempo, que están pedindo subvencións polo banco de tempo e o banco de tempo hai mil anos, e está aí sen funcionar. Por exemplo cun banco de terras pedindo subvencións apoiando a eses emprendedores que poderían utilizar terras que hoxe en día, porque as persoas maiores as abandonaron, e os novos pois temos outro tipo de traballos nun momento determinado, pois hoxe en día, hai xente que está no paro que se podería dedicar precisamente a este tipo de cousas. E o polígono virtual, o anuncio en internet e todo iso, está moi ben,



pero como punto dinamizador non como medida estrutural, entendes o que che quero dicir, pero o que si a moción nós ímola a aprobar si máis.

**O sr. Valcárcel toma a palabra:** Isto é algo a maiores de, outros son outras actividades que se poden desenvolver desde o Concello. O polígono virtual non é só ofertarse en internet, eu acabo de falar aquí dunha serie de plantexamentos que fan desde ese polígono, e que eu creo que son realizables en relación ó comercio local, evidentemente que despois hai outro traballo, que hai que facer desde o Concello e que si se pode reclamar, ou que debemos reclamar que se faga, non só é un apoio ó comercio local, é un apoio ós emprendedores, desde o polígono virtual están dispostos a traer foros de debate aquí a Barbadás, o cal dinamizaría a economía deste Concello, e a presenza deste Concello no resto da provincia, e a pór en valor realmente a Barbadás, que a pesares de ser o quinto Concello da provincia, segue estando no final, dígoo así e vostede teno que recoñecer señor Freire, haberá moitas razóns para que estea o final, da prensa, e moitas ocasións, pois porque ó mellor estamos ó carón da provincia, Barbadás necesita un pulo para ser coñecido en toda a provincia, e temos a capacidade suficiente como para ser un referente neste aspecto, neste eido e aquí desde o polígono virtual e desde o Centro empresarial temos que potenciar todo o que é Barbadás, e ser un polo de atracción ademais de máis actividade económica, e de máis emprendedores ademais que veñan desde a capital ou desde outros concellos a instalarse aquí, iso é o que pretende o polígono virtual e ademais valorizar e pór en valor o que é a actividade deste Concello, no que pode estar perfectamente o rianxo.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Sen entrar en temas bucólicos, porque do rianxo nin vostede nin o Rube nin vostede saben absolutamente nada. Tal como está a situación neste momento, mire eu estou presidindo o grupo, que é un grupo de desenvolvemento rural, temos intentado potenciar actividades no rural dese estilo e de outras invernadoiros e isto é outro, hoxe á xente nova por desgracia, en este momento pois a xente non se sente motivada polo campo, e o que había aquí hai trinta anos, non ten nada que ver coa situación que hai hoxe, pero iso é un debate para outro momento, nós vamos a votar a favor da moción, e entendo que se aproba por unanimidade.

**O sr. Valcárcel toma a palabra:** Simplemente dicir que agradecemos que vote a favor, pero non sería tamén que o señor Baltar o chamou onte para dicirlle que votara a favor, e non influiría tamén nesta decisión que Abanca teña un acordo co polígono virtual, pregunto, eu encantado de que voten.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Eu non sei si Abanca ten ou non un acordo, como vostede pode comprender, isto foi un convencemento propio, nós aquí non obramos ó ditado de ningún.

**O sr. Valcárcel toma a palabra:** Non sei, o señor Presidente da Deputación ten un especial interese



polas novas tecnoloxías, ó mellor está interesado, ou puido influír na súa decisión, porque na Comisión vostede estaba dubidoso.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Nós tamén estamos de acordo con apoiar as novas tecnoloxías, iso non hai ningunha dúbida.

Ben entón entendo que se aproba por unanimidade.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo: “**Moción do PSdeG-PSOE para pór en marcha un proxecto de aceleración empresarial, do emprendemento e do comercio local en Barbadás: Iniciar de xeito inmediato contactos co Polígono Virtual de Galicia para asinar un convenio de colaboración mutua que teña como finalidade a posta en marcha dun proxecto de aceleración empresarial, do emprendemento e do comercio local en Barbadás**”

### **8- MOCIÓN DO PSdeG-PSOE PARA HABILITAR SERVIZOS ESPECIAIS DE SEGURIDADE E EMERXENCIA ANTE A CELEBRACIÓN DE ACTOS MULTITUDINARIOS OU QUE SE CARACTERICEN POLA SÚA RELEVANCIA.**

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Pasamos á última moción do Partido Socialista para habilitar servizos especiais de seguridade, en emerxencia ante a celebración de actos multitudinarios que se caracterizan pola súa relevancia. Ten a palabra a súa voceira.

Os incidentes e a imprevisión que caracterizaron as festas da Valenzá de 2014 fan necesaria unha profunda reflexión por parte das autoridades locais. A congregación de milleiros de persoas que acudiron ó espectáculo da Orquestra Panorama provocou que se fixera necesario un plan coordinado e específico entre policía local, garda civil, protección civil e emerxencias. Pero lonxe de pór en marcha por parte da Xunta Local de Seguridade dun operativo especial, produciuse unha carencia de medios humanos e materiais que visibilizou unha situación caótica.

A descoordinación e a carencia dun plan concreto de emerxencia evidenciou unha deixadez por parte do máximo responsable da seguridade no Concello de Barbadás, é dicir, do alcalde. A postura de José Manuel Freire Couto foi a todas luces negligente porque a pesar de coñecer que por coincidir en sábado a afluencia de persoas para ver á famosa orquestra íase multiplicar, non adoptou medidas excepcionais.



Os resultados foron evidentes (caos, desorganización, perigo para a seguridade das persoas, etc) e unha vez máis Barbadás volve aparecer nos medios de comunicación en clave negativa debido á ineficacia dos gobernantes do PP.

Segundo a Unión de Gardas Civís de Galicia “poderían ter sucedido feitos significativamente graves (avalanchas, infartos, desvaecementos, pelexas con feridos, etc)”. E ante a falta de previsión e á vista do que aconteceu non sería posible introducir no recinto da festa unha ambulancia para evacuar ós posibles feridos nin evacuar a estes hipotéticos feridos ou falecidos por existir un enorme embotellamento por vehículos incorrectamente estacionados.

Dende o Partido Socialista sumámonos á definición dos acontecementos feita pola Unión de Gardas Civís que tildan de negligente e grave irresponsabilidade o feito de que as autoridades municipais non dispuxesen dun dispositivo de seguridade e emerxencia, “toda vez que unha concentración tan importante de persoas puido ter posto en perigo a seguridade colectiva”.

A imprevisión reconeceuna mesmo o subdelegado do Goberno en Ourense, Roberto Castro, quen o 9 de xuño admitía que “ninguén nos avisou desta situación, nin por parte do Concello nin de calquera outro colectivo, porque de telo sabido activaríase un plan de seguridade propio para dar resposta a este tipo de situación”.

O Partido Socialista ese mesmo 9 de xuño xa pediu a dimisión do alcalde de Barbadás antes do comezo dun pleno extraordinario ante a carencia dun plan de emerxencia específico. O voceiro socialista, Xosé Carlos Valcárcel, reprochou entón a ausencia de efectivos suficientes ante a congregación de milleiros de persoas. Valcárcel xustificou a petición de dimisión do rexedor 2 días despois dos incidentes por ser o responsable da Xunta Local de Seguridade e por demostrar a súa incompetencia e deixadez.

Está claro que Freire e o seu equipo víronse desbordados polas críticas ante a falta de planificación e durante os días seguintes dedicáronse a restarlle importancia ó acontecido. Freire demostrou a súa negligencia respecto do asunto respondendo ó líder socialista que non se adoptou ningunha medida especial porque xa viñera esa orquestra outros anos e non pasou nada.

Pero o máis grave é que o propio subdelegado do Goberno, nunha actitude partidista, cambiou substancialmente a súa postura respecto dos acontecementos para cubrirlle as costas a Freire. Roberto Castro declarou uns días despois que como non pasou nada grave nin distinto ó acontecido o ano anterior en principio non cren necesario aumentar o dispositivo de cara a vindeiras edicións das festas. A táctica de restar importancia ó acontecido tamén se evidenciou dende a Agrupación de Voluntarios



de Protección Civil. O seu responsable, Daniel Rey, escudou-se no umbral fixado pola lei (20.000 persoas para eventos ó aire libre) para pór en marcha un dispositivo especial, asegurando que non era necesario nin obrigatorio. Resulta lamentable ademais que Rey, nun intento de arroupar a Freire e adoptando de novo unha actitude partidista culpou ós asistentes de falta de civismo. A implicación política de Daniel Rey ó ser o número 9 na lista do PP é máis que evidente e por este motivo non ten unha credibilidade obxectiva a súa valoración da situación ó afirmar que transcorreu todo máis ou menos dentro da normalidade.

Está claro que os membros do PP, estean no grupo de goberno, ó fronte de institucións coma a Subdelegación ou presidan a agrupación de voluntarios, viven nun mundo paralelo. Para o Partido Socialista o que importan son os feitos constatables. A única patrulla da garda civil viuse desbordada pola cantidade de requerimentos ós que foron chamados e as diversas incidencias que atenderon:

- Auxilio nun accidente de tráfico.
- Inicio dun dispositivo de busca dunha anciá.
- Ó non dispor de dispositivo de seguridade nin contar co apoio da policía local, tiveron que realizar labores de regulación de tráfico ambos compoñentes da patrulla e por separado.
- Atendéuse a persoas con comas etílicos.
- Solucionáronse altercados por pelexas, discusións viarias grazas á mediación dos axentes.
- Leváronse a cabo servizos sobre requerimentos e queixas de cidadáns molestos polo ruídos das atraccións e tamén auxilios informativos.

Á vista do número de persoas concentradas na explanada onde tocaba a orquestra e debido ó caos circulatorio que existía ás 12,15 da madrugada esta patrulla da garda civil avisou á Central Operativa de Servizos, para que pasasen aviso a Protección Civil para que prestasen axuda respecto ó tráfico rodado.

Ó finalizar o espectáculo requeriuse tamén a axuda da policía local de Ourense para que colaborasen na ordenación do tráfico, posto que se prevía a saída de numerosos vehículos que podería ocasionar o caos circulatorio.

O que está claro é que non se dispuxo de dispositivo de seguridade algún nin existiu previsión sobre unha posible evacuación de persoas en caso de necesidade. Dende a Unión de Gardas Cívís reclamábase autocrítica. Para o PSdeG ademais da necesaria autocrítica esiximos que se asuman responsabilidades e que se adopten as medidas oportunas para que esto non volva acontecer.

Para o Grupo Socialista é incomprendible que a policía local e protección civil estean para regular o



tráfico durante días na realización dunha obra na avenida de Celanova e non se visualice a súa presenza nunha importante afluencia de público (en torno ás 15.000 persoas) nas festas da Valenzá. Non acabamos de entender tampouco que Protección Civil poña en marcha operativos para unha simple procesión á que acoden un centenar de persoas e, sen embargo, teñan que ser reclamados por 2 axentes da garda civil nunha concentración de persoas como aconteceu na Valenzá. Non comprendemos porqué se pon en marcha un operativo especial (Protección Civil e policía local) para a romaría de San Bieito durante todo o día e non se fai o mesmo para unhas horas nas festas da Valenzá. Por todo o anteriormente exposto, propono ó Pleno desta Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

1. Que se habiliten dispositivos especiais de seguridade e plans de emerxencia puntuais ante a celebración de actos que congreguen a un importante número de persoas.
2. Que se elabore un informe da actuación realizada pola Policía Local de Barbadás e da Agrupación de Protección Civil nas festas da Valenzá 2014 co obxecto de detectar os erros e as limitacións na súa actuación neste tipo de eventos multitudinarios para definir a súa intervención de cara ó futuro.
3. Que a Xunta Local de Seguridade se reúna ante a celebración de festas, actos relixiosos, deportivos, recreativos, etc que teñan certa relevancia co obxecto de levar a cabo unha actuación planificada e específica.

**A sra. Morenza toma a palabra:** Vostedes está claro, señores do Partido Popular, que viven nunha torre de marfil, alí ben protexidos illados da realidade. E mentres vostedes din que non pasou nada nas festas da Valenzá, porque se fartan e se fartan de dicilo, a cidadanía que estivo no lugar, que fomos moitos de nós, practicamente todos nós, puido comprobar e padecer o embotellamento de vehículos, a masificación de persoas. Vostedes sen embargo de costas ás evidencias, pero o peor de todo é que utilizan o tema partidistamente. Non sei si o señor Alcalde estivo nas festas da Valenzá, probablemente non, porque no se le espera, aquí na Valenzá, nin en Barbadás, agora xa se vai, xa se quedará na súa torre de marfil, en Ourense, nunca mellor dito. O luns nove de xuño o Subdelegado do Goberno recoñecía que non foron avisados da posibilidade de que se producira unha afluencia masiva, o nove de xuño, o Subdelegado do Goberno, e chega a afirmar ese mesmo día o Subdelegado de Goberno, que de telo sabido houbera activado un plan de seguridade propia, pasaron solo uns días e ante a polémica xerada, a Xunta Local de Seguridade pecha filas, e cúbrelle as costas a Freire, e xa parece que foi todo un invento de dous ou tres disconformes, esto o xoves, o luns unha cousa, o xoves outra, pechamos filas arredor de Freire, que total xa se vai ir, xa se vai ir que se vaia o home tranquilo.





Que non sufra o señor Freire, e o propio Subdelegado do Goberno cúbrelle as costas, mira que sorte ten. Pero aínda que non aconteceu nada extremadamente grave, grazas ó ceo, non vamos dicir outras cousas nas que non creemos, as posibilidades de que ocorrera unha desgraza, foron moi, moi, moi altas, e sabémolo todos os que estivemos aquí, non sei si os compañeiros do BNG estiveron nas festas da Valenzá, non podo falar por eles, nós estivemos nas festas da Valenzá. O Alcalde non estou tan segura de que estivera.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Pero iso é problema meu, se estiven ou non

**A sra. Morenza toma a palabra:** É problema seu, porque é vostede a máxima autoridade do Concello de Barbadás, e estiveron a punto de acontecer feitos graves. A que estamos agardando para adoptar medidas, a que morra alguén, aínda que soe así de holocáustico, xa que teño fama de holocáustica, de catastrofista, a que estamos esperando a que morra alguén.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** En todos os foros nos que intervén ten fama de catastrofista

**A sra. Morenza toma a palabra:** Xa sei que teño fama, pero estamos falando da seguridade das persoas, estamos falando da veciñanza, a min preocúpame, e veu xente de outras provincias, tamén me preocupa a xente de outras provincias, porque eu son unha cidadá do mundo evidentemente, non só me preocupa a xente de Barbadás, e preocupárame moito de que o Alcalde de Barbadás estivera aquí presente nas festas, preocúpame porque me gustaría que estivera e vira o que pasou, pero non estivo, xa o sabemos, vostede estaba na súa torre de marfil. Estamos agardando a que haxa feridos graves e que non poidan ser evacuados ante un plan de emerxencias específico, que non poidan ser evacuados. Está claro que si acontece algo gravísimo sería moi complicado actuar porque non había unha vía de emerxencia a que puidera acceder unha ambulancia en caso de traslado de feridos, non había unha vía de emerxencia libre e diáfana á explanada onde había máis de quince mil persoas. O propio Director xeral de emerxencias e interior, Santiago Villanueva, recoñecía que o feito de que non superaran as vinte mil persoas que establece a lexislación, non impedía que se fixese un plan de emerxencia, non impedía, podíase haber feito un plan de emerxencias. Villanueva fala de que se puideron ter previstos saídas de evacuación, medios que teñen que intervenir en caso de emerxencia, e tamén se puido haber previsto a posta en marcha de medidas que garantan a fluidez do tráfico, o Director xeral de emerxencias e interior, Santiago Villanueva. Está claro que houbo negligencia, houbo irresponsabilidade e deixamento por parte da máxima autoridade, é dicir do señor Alcalde que non estivo nas festas, e tampouco adoptou nin deu orde de adoptar medida algunha para prever posibles incidencias, non deu orde algunha. Pero o máis grave, a nós preocúpanos tamén, e consideramos máis



grave aínda, que non se tomaran medidas excepcionais, porque non se creou un operativo especial de Protección Civil, nin da Policía Local, cando en aglomeracións menores ca nesta ocasión, chámese entroido, chámese romaría de San Bieito de Cova de Lobo, si se fai, remaría menores, menos de vinte mil asistentes. Pero o peor é que foron advertidos, e isto tamén nos parece gravísimo, e témolo entendido, agora vostedes negarano, porque parece que eu son unha mentirana catastrofista, pero non, temos entendido que foron alertados da posibilidade de que podían acontecer incidentes, e de que era necesario intensificar a regulación do tráfico por un informe previo da Policía Local de Barbadás, agora dirán que ese informe non existe, que non aparece por escrito, pero nós temos entendido que si, que si que o fixo, a Policía Local fixo unha advertencia ó Alcalde de Barbadás, de que podían acontecer feitos que podían traer consecuencias de feridos, e non se fixeron caso. Eu xa estou acostumada na Deputación, a que os Deputados do Partido Popular fagan comentarios, sornas, se mofen e todo isto, estou acostumada a todo isto, non me importa o que fagan as Concelleiras do Partido Popular aquí, porque estou acostumada, porque eu estou aquí polos veciños, e máis de mil veciños que nos elixiron para estar aquí e falar disto, e non nos importan que se rían, vostedes tranquilos ríanse todo o que queiran. Si algún de nós houbera resultado ferido, se algunha das persoas, das máis de quince mil persoas houberan resultado feridas ¿tamén se ían a rir vostedes señores do PP?, señores e señoras do Partido Popular. E que dicir da nosa Agrupación de voluntarios de Protección Civil que fan un traballo encomiable, onde queira que vaian, e van a moitos sitios. Sobre a Agrupación e a súa actividade non temos nada, absolutamente que reprochar, pero vostede señor Alcalde, debeu dar a orde de poñer en marcha un operativo especial, e non o fixo. Protección civil vai a Concello limítrofes a acontecementos onde se convocan menos de vinte mil persoas, en Taboadela, mesmamente, menos de quince mil persoas e foron alí, van case tódolos anos, cando hai actuacións, non entendemos porque non se lle deu a orde de que se actuara en Barbadás, en presenza de tantísima xente. E tiveron que ser os dous únicos axentes da Garda Civil, os que se viron desbordados e tiveron que pedir axuda o 112, e foi entón cando si a partir da media noite foron avisados o operativo de Protección civil. Nós temos entendido que unha das funcións de Protección civil, son labores de asistencia en concentracións e espectáculos deportivos, festas populares, espectáculos de pirotecnia, concertos e outros semellantes con fins preventivos, e temos entendido tamén que Protección civil, ten que prestar a necesaria colaboración á Policía Local nos casos nas que esta solicite, e sobre todo nos casos de prevención de risco tales como nas entradas e saídas dos colexios, control de tráfico en horas punta, etc..., non se fixo, tamén temos entendido, non se fixo ese día, estou recordando as funcións de



Protección civil e o que non se fixo, e funcións da Policía Local que non se fixo ese día, non se montou un operativo especial da Policía Local, que se podía ter feito un operativo, de unhas horas, pagarlle unhas horas extras, a uns traballadores que nos leve o déficit, tendo en conta que presumen de superávit; funcións da Policía Local: colaboración coa Garda Civil en materia de seguridade cidadá, non se fixo, claro non se deu a orde, axuda ao cidadán, catástrofes riscos para a poboación, altercados (houbo altercados), no que se refire ó tráfico, Policía Local: atestados por accidentes de tráfico, auxilio na estrada e nas vilas, vixilancia e control da seguridade do tráfico, ordenar, sinalizar e dirixir tránsito de vehículos no casco urbano, seguindo e establecendo as normas de circulación, non se fixo, o señor Alcalde non lle deu a orde a máxima autoridade, e tamén as funcións da Policía Local son coordinar a seguridade en festas e espectáculos públicos son funcións da Policía Local, non se fixo porque non se deu a orde, ordenación e colaboración como non podía ser menos con Protección civil. Ó Partido socialista non nos valen os argumentos baleiro ós que recorren o Alcalde e o Tenente Alcalde, que non pasou nada outros anos, e entón non se fixo nada especial, é que me parece increíble nun Concello de máis de dez mil habitantes, no que ese día case se multiplica por dous a poboación e que non pasou nada, que estamos esperando a que morra alguén, como dixen antes. Para nós pasaron cousas, houbo un auxilio nun accidente de tráfico, iniciouse un dispositivo da procura dun ancián, ao non pór a disposición o dispositivo de seguridade nin contar co apoio da Policía Local, tiveron que realizar labores de regulación de tráfico, ambos compoñentes da patrulla, da única patrulla que había, e por separado, atendeuse a persoas con comas etílicos, solucionáronse altercados por pelexas, discusións viarias grazas á mediación dos axentes, dous únicos axentes, e leváronse a cabo servizos sobre requirimentos e queixas de cidadáns. E o que puido pasar e non pasou, e grazas a esperemos que non pase, porque esperemos contar co apoio do Partido Popular nesta iniciativa, e unha posible avalancha de persoas, que puido haber pasado, unha persoa saca un petardo, tírao e prodúcese unha avalancha de persoas, entón resulta que hai feridos, que resulta que non temos un viario diáfano, para trasladar, para que unha ambulancia se achegue nese momento, e que por achegarse non se poderían achegar nin os bombeiros, se houbera pasado algo, o traslado de feridos por suposto sería imposible. Só había que utilizar o sentido común señor Alcalde, para entender que nun lugar con máis de quince mil persoas, pode pasar calquera eventualidade e que é preciso un plan de emerxencia específico, non é necesario que o Partido Socialista trouxera isto quince días, ou un mes despois de que aconteza, había rúas totalmente obstaculizadas, todos o vimos, non había un acceso de ambulancias na explanada onde se celebrou a actuación, é dicir, non había vía de escape, non daban saído os vehículos nas rúas lindeiros,



en suma un auténtico caos, por todo isto cremos que se debe habilitar dispositivos especiais de seguridade e plans de emerxencia puntuais ante a celebración de actos que congreguen a un importante número de persoas, non só, e traemos este acordo aquí, porque queremos que non só se faga na romaría de San Bieito, ou no Entroido, senón tamén nunha festa que reúne a preto de vinte mil persoas, aínda que a cifra oficial parece que son quince mil. O segundo punto do acordo é que se elabore un informe da actuación realizada pola Policía Local de Barbadás e da Agrupación de Protección Civil nas festas da Valenzá 2014

e queremos que se elabore un informe que se lle entregue á oposición, se non se apoia a moción, que se nos entregue un informe, porque non é a primeira vez que pedimos informes e non se nos entregan informes que solicitamos, pedirémolo por escrito ou solicitarémolo a outras instancias, ou a través de outros medios, e o terceiro punto do acordo e que a Xunta Local de Seguridade, isto xa é un perogrullo, se reúna ante a celebración de festas, actos relixiosos, deportivos, recreativos, etc que teñan certa relevancia co obxecto de levar a cabo unha actuación planificada e específica.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Ten a palabra o voceiro, ou voceira do BNG.

**O sr. Núñez toma a palabra:** Imos ver en relación con este tema que nos trae aquí o PSOE, en relación cos acontecementos que sucederon na festa da Valenzá, dicir que efectivamente o BNG presentou o pasado trece de xuño, unha batería de preguntas para un pouco solventar unha serie de inquietudes que efectivamente tiñamos e que hoxe trae aquí os compañeiros do PSOE, é dicir, o escrito que nese momento se presentaba dicía que o pasado sete de xuño durante as festas no núcleo da Valenzá, tivo lugar a actuación da orquestra Panorama, como adoita pasar, xa aconteceu en anos anteriores, a afluencia foi multitudinaria. Este feito non debía ser descoñecido, nin polos organizadores dos actos, nin polo grupo de Protección Civil, nin polo propio grupo de Goberno Popular, en tanto a situación orixinaria dese día foi un auténtico caos, como se puxo de manifesto unha asociación da Garda Civil, o operativo de emerxencia e atención a posibles casos que precisasen traslados a hospitais, evacuación de persoas, ou atención médica urxente, era totalmente inexistente, fálase dunha valoración entre quince e vinte mil persoas. A situación criada foi de colapso circulatorio total, as vías de entrada e saída da Valenzá, atopáronse en moitos casos obstruídas pola cantidade de coches estacionados, ou mal estacionados, as manobras de saída ó final da actuación foron totalmente caóticas. Si ben é certo que non houbo ningunha desgraza, si evidentemente puideron ter acaído porque non houbo nada, ningunha previsión, non houbo ningún plan que realmente previra isto, cando sabían que efectivamente se iba a dar esta situación, entón o BNG preguntaba pois que protocolo de



actuación estaba previsto en caso de urxencia durante a festa da Valenzá, de que medios dispuña o operativo de Protección Civil, a noite do sábado sete de xuño, preguntaba tamén polos seguros dos actos programados, que si tivo coñecemento o grupo de Goberno das medidas adoptadas por Protección Civil e Policía Local, que medidas adoptou a Policía Local para controlar o tráfico, si estaba informada a Subdelegación do Goberno desta actuación, si se tomou algunha medida para reforzar a seguridade, e si estaba informada a Garda Civil de Ourense, Protección Civil de Ourense, desta afluencia masiva de persoas, as contestacións desde logo, tanto por parte da Alcaldía, como do responsable de Protección Civil, pois desde logo deixan bastante que desexar ó noso entender, porque serven un pouco para tapar buratos, para taparlle as costas a vostedes e aos seus compañeiros de equipo de goberno, pero realmente deixan moito que desexar, é dicir, veñen a dicir que os números de efectivos da Protección Civil eran tres, porque o resto estaban de vacacións, é dicir, cando realmente hai un caso como este nos vamos de vacacións, é dicir, é que non se pode programar vacacións e ter un sistema de activo potente para este día. Con respecto ó que manifesta tamén Protección Civil, un pouco máis de lo mesmo, non teño moito que dicir, pero con respecto de que hai á xente que, pois politicamente son candidatos tamén do Partido Popular, aínda que neste momento representan un posto técnico, pero desde logo deixa bastante que desexar que o que argumentan en base ó seu traballo e a súa xestión esta noite, que non houbo nada previsto. Dicir que a Unión de Garda Civís cualifica tamén en prensa que foi unha actitude, que foi un caso absolutamente negligente, por parte das autoridades, é dicir, dunha gran irresponsabilidade, dunha falla total de seguridade, non se estableceu ningún dispositivo de seguridade previa, ningún plan de emerxencia previo, é dicir, había segundo parece dous axentes da Garda Civil de servizo esa noite, o que facían literalmente era botar as mans á cabeza, chegaron aquí e estiveron que estar buscando un paisaniño que se extraviara, tiveron que actuar nun accidente na entrada de Ourense, é dicir, e chegaron e viron un colapso tal que dixeron onde estamos, é dicir, o que hai que pedir é efectivamente isto, aquí ninguén está pedindo que mobilizara un exército, pero que o que si en todo caso, si tiñan oito axentes de paisano, dentro, polo que figura aquí, nos informes figuran oito axentes de paisano, non sei si efectivamente era certo ou non era certo, pois non sei, pero en todo caso, en vez de estar de paisano, o que había que ter era un plan previo articulado, que tivéramos xente en determinadas rúas, e ter articulado de maneira que a xente pois estacione como é debido e haxa uns viarios de entrada e de saída, no caso de haber algún tipo de emerxencia, que efectivamente non se fixo. Resulta cómico dicir que á Xunta Local de Seguridade lle tocaría esa Xunta o día doce, estaría prevista para, pero desde logo nós o que



entendemos é que se debeu facer sempre con antelación, facelo a touro pasado non ten sentido, facelo previamente e artellar un protocolo de actuación ou similar que evidentemente puidera solventar problemas no caso de habelos, porque non houbo, pero se os houbera, non había por onde sacar a ninguén, non había por onde facer un viario de servizo, para poder solventar algunha problemática de emerxencia. O que si que se denota, o que si saíu nesta Xunta Local de Seguridade, que se convocou xa digo a touro pasado, é moi fácil facer sempre as cousas “a posteriori”, son unha serie de medidas máis restritivas para os organizadores das festas, entón quérese dicir que, un pouco esta reunión veu porque houbo o caos que houbo a noite do sábado na Valenzá, e que segundo o Subdelegado do Goberno parece que solo houbo algún coche de máis, é absolutamente irrisorio as súas valoracións. Mire o que hai en este momento é un equipo de goberno absolutamente irresponsable, non saben o que traen entre mans, e que se houbera algún responsable final recaería sobre o Concello, e vostedes aí non pasou absolutamente nada, non pasou pero pudo pasar, é unha negligencia completa e absoluta polo tanto estamos a favor da moción porque nos parece xusto e acaído. Que se tomen as medidas coa antelación prevista para evitar este tipo de problemas.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Nós estamos en contra, porque realmente o que se pretende con esta moción e con esta polémica que se xerou aquí, que indubidablemente non discuto que ó mellor houbo máis xente da prevista, pero realmente e dou un dato despois sobre todo ós do Partido Socialista, que o que se pretende é eclipsar o éxito dunha festa que tuvo na Valenzá, un éxito arrollador, iso que quede claro, e digo isto, que se pretende eclipsar, porque eu estaba con unha persoa nun momento dado o sábado a mediodía e lle chega por facebook, unha nota dunha persoa que foi na lista do Partido Socialista, non lle vou a poñer nome, pero podía poñerllo, anunciando que se suspendían as festas da Valenzá, porque se prevía que ía haber, pensaban eles que se había unha festa con moito éxito como houbo, que ía a beneficiar ó equipo de goberno, mira por onde nós nin sacamos nin pomos, nós apoiámoslos no que podemos e punto, e si ten un éxito a festa da Valenzá, é un éxito para todo o Concello de Barbadás e para A Valenzá, e esa persoa anunciaba, e se pode ver no facebook, que se suspendía esa festa, intentando xa boicoteala previamente, como iso non foi posible, automaticamente pois agora “a posteriori”, hai que eclipsar o éxito desa festa. O dispositivo que se despregou este ano nas festas da Valenzá foi exactamente igual que o que se despregou o ano pasado, punto primeiro; punto segundo, o ano pasado veu a mesma orquestra, eu estiven o ano pasado alí “in situ”, o ano pasado, este ano no puiden estar, pero o ano pasado si estiven, e houbo moita xente, ninguén dixo absolutamente nada o ano pasado, a mesma orquestra estivo en Piñor, estivo en Parada, estivo en



Sobrado, e non pasou absolutamente nada, afortunadamente, é dicir, este ano se houbo moita máis xente do previsto pois de acordo, desbordou ó mellor as posibilidades de control de tráfico que é do que se trata, que do resto non houbo ningún problema, iso que quede claro. Entón nós non compartimos para nada esa visión catastrofista que vostedes están vendo da situación, de catástrofe nada, houbo unha afluencia masiva de público, evidentemente máis da prevista seguramente, e os medios ó mellor non foron suficientes, de acordo. Nós na Xunta de Seguridade abordamos ó tema, os Gardas que estiveron alí pasaron información a todas as persoas que interviñeron na Xunta de Seguridade, tanto Policía Local, como Protección Civil, como Garda Civil, como o Subdelegado, e eles foron os que fixeron un análise da situación, dicindo que evidentemente houbera moita xente que a Garda Civil de tráfico, que a Garda Civil non podía estar no tema do tráfico, porque tivera que acudir algúns dos operativos que estaban para aí, a outro Concello limítrofe de seguridade cidadá e que efectivamente en algún momento houbo un pouco de colapso, pero colapso haino tamén cando facemos as festas de carnaval, é lóxico, porque se cortan viarios, e hai moita afluencia masiva, iso pasa, colapso haino en Ourense cando hai outro tipo de festas tamén, e non pasa absolutamente nada máis que haberá que controlalo. Nós recollemos, loxicamente, a proposta, porque ademais xa o contemplábamos no plan de seguridade de que antes de cada evento importante haxa unha planificación ca Xunta de Seguridade, tal e como tivemos o outro día de cara ó San Bieito, como cando se ten de cara a festa dos entroidos, e que nunca houbo este problema, coa festa da Valenzá haberá que facer a partir de agora un plan de outra maneira, si se prevé que hai tanta xente, pois non pasa absolutamente nada, pero non sexamos tampouco tan castastrofistas, porque a realidade non foi esa, e solo a ven vostedes porque queren poñer digamos o obxectivo en algo que todo o mundo ve como un éxito e vostedes non toleran que o seu pobo, e o seu Concello, teña un evento con éxito, para vostedes todo o que teña éxito en Barbadás, é éxito do equipo de goberno, e eso os indigna, os preocupa, e non o toleran, pero que lle vamos a facer, iso é un éxito dos cidadáns, non é un éxito de ninguén, sobre todo da xente da Valenzá, que participou e organizou as festas, e que vostedes por certo volvo a reiterar pretendían petardear vía facebook, nada máis.

**A sra. Morenza toma a palabra:** Mire, de catastrofistas nada. O éxito das festas somos os primeiros en que o haxa, nós participamos nas festas, estamos encantados de que se fale de Barbadás en plan positivo, pero non saír nos medios de comunicación señor Alcalde, como sae vostede sempre, no caso de que está imputado, ou porque non temos os servizos suficientes, ou porque se produciu un numeroso número de incidentes nas festas da Valenzá, por favor, como non vamos a estar nós a favor



das festas, as festas son de iniciativa pública, festas populares. Mire pódolle dar un dato, esa persoa que di vostede que intentou boicotear as festas, ¿unha persoa pode boicotear as festas a través dun facebook?, señor Alcalde por favor, e que vostedes tómanos o pelo literalmente. Tamén nós somos os culpables de que se vaia como Alcalde, por esa regra de tres, como o estamos boicoteando no facebook tódolos días, home señor Alcalde por favor. Esa persoa do que vostede fala, que é un empresario coñecido no Municipio de Barbadás, foi a persoa que máis deu para as festas da Valenzá, como que boicotear as festas, non terxiverse vostede a información.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Pero é verdade que dixo iso no facebook, ou non.

**A sra. Morenza toma a palabra:** Mire vostede terxiversa a información, agora estou falando eu, no uso da palabra. Vostede terxiversa a información, o que diga unha persoa no seu facebook ou no seu twitter, non o ten vostede por que misturar con feitos que ocorreron, que non teñen nada que ver con esa persoa, estes feitos ocorreron, que ten que ver o que dixo esa persoa, co que despois ocorreu en realidade, esa persoa move a quince mil persoas, esa persoa evita que se produza a chegada masiva de persoas a unha festa, unha persoa nun facebook, tómanos o pelo. Mire non lle son catastrofista señor Alcalde, porque unha vez eu caínme por un barranco, e estiven a punto de morrer, porque non había unha vaia, estaba a vaia rota, e despois puxeron a vaia, non son catastrofista, ao mellor agora non lle estaba aquí dando a lata, que iso é o que lle amola a vostede, pero a vaia puxérona cando pasaron cousas graves, cando por exemplo unha persoa, que neste caso fun eu, casualidades da vida, que fun eu quen caín por un barranco, entón si que colocan a vaia, toman as medidas de seguridade e aumentan as medidas de seguridade na estrada, por favor señor Alcalde.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Supoño que unha vaia que falla non é responsabilidade do Concello de Barbadás.

**A sra. Morenza toma a palabra:** Pero ese tema tratouse aquí no Concello de Barbadás era o primeiro interesado en que non caían polos barrancos persoas do seu Municipio, nin de Toén, nin de Cartelle, nin de Celanova, persoas que circulen por esa vía. Voulle tratar de rebater todo o que vostede din, as festas neste ano foron en sábado, non é o mesmo unha festa en venres, que en sábado, neste País elle así, porque a maioría das persoas traballan os sábados, entón non é o mesmo a Panorama un venres que un sábado, e non é o mesmo a Panorama en Piñor un mércores, e que embarque na Valenzá un sábado señor Alcalde, ou en Sobrado un luns, que na Valenzá un sábado, é que non é o mesmo, é que non move o mesmo número de persoas. Sobre a persoa que de renunciar vostede, porque vostede pode renunciar en calquera momento antes das eleccións municipais, a persoa que o seguiría que ocuparía o





cargo, o cargo supoño que o ocuparía Chelo, pero a persoa que está de número oito, ou número nove na lista é Dani Rey. Dani Rey saliu facendo declaracións que son case unha ofensa, é unha persoa que podería estar ocupando un sillón aquí de Concelleiro, e é case unha ofensa, é o responsable de Protección Civil, iso case poderíamos dicir que é unha casualidade, pero que veña dicindo que se produciu unha falta de incivismo, e que había coches en dobre fila e a xente pretendía ir hasta o escenario nos coches, non poden facer esas declaracións, cando puideron haber pasado cousas, cando puido haber unha avalancha de persoas, cando había un problema de seguridade, e o responsable de Protección civil di isto, e vostede non o chama ó orde señor Alcalde, e non o dixo en facebook, díxoo nun medio de comunicación, home é que é vergoñento, e despois ven culpando ó Partido Socialista de intentar boicotear as festas, e este señor está insultando á cidadanía que asistiu ás festas, nós non acabamos de entender. Despois a Unión de Gardas Cívís fala de que non había ningún dispositivo de seguridade a pesar de ter coñecemento da celebración das festas e da presenza da Panorama e de asistir a unha Xunta Local de Seguridade e un grupo de Protección Civil no Municipio, iso denuncia a Unión de Garda Cívís, que digo eu que representará ao Gardas Cívís. Os oito axentes de paisano, segundo a Unión de Garda Cívís non lle consta que houbo axentes de paisano, evidentemente non vamos a entrar no debate das cifras. Vostedes sigan vivindo na súa torre de marfil, nós vivimos cos pes na terra ademais vimos ás festas, ademais vimos ás festas, vimos o que pasou, e isto non é produto de dous ou tres desconformes, isto ocorreu. E sobre o Subdelegado do Goberno, que lle imos dicir, que o lus parecía, que si que deberan ser avisados, parecía que o negligente era Freire, e logo parecía o salvador da Patria, porque non era para tanto, foi toda culpa do Partido Socialista, xa vemos. Houbo máis xente da prevista, pero si cada vez que vai a orquestra Panorama, e máis a unha vila destas características, hai preto de vinte mil persoas, como máis xente da prevista, a mesma xente que habería outros anos, pero coincidiu en sábado, señor Alcalde, este ano coincidiu en sábado, veu xente de outras provincias, non tiñan onde aparcar, non tiñan como saír, e que nos culpe a nós de que non queríamos de que houbera festa, que nos parece xa inadmisibile. Vostede fala de que están de acordo en tomar medidas de cara a outros anos, entón por que non aproban a moción, o informe téñennolo que dar porque verdadeiramente pedímolo, non se onde teño agora os acordos, entón é un punto do acordo, que se habiliten dispositivos especiais, faise facer, señor Alcalde, non se fixo un plan de emerxencia específico, vanse habilitar dispositivos especiais para acontecementos onde acudan numeroso número de persoas, e a Xunta Local de Seguridade tense que reunir antes da celebración de festas e actos relixiosos deste calibre, si se vai facer porque non apoia a moción do Partido Socialista,



e nos intenta culpabilizar a nós. Nós non lle somos culpables do que pasou.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Porque son puramente demagóxicos

**A sra. Morenza toma a palabra:** Non son demagóxicos, vostede está de acordo punto por punto coa moción, pero non quere votar

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Non estou en nada de acordo co que di vostede aí, entón por iso votamos en contra.

**A sra. Morenza toma a palabra:** E tamén queremos dicir que esa persoa da que vostede fala, no seu día organizou as festas, sabe como funciona unha festa sabe do que fala.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Tivo algún problema coa seguridade.

**A sra. Morenza toma a palabra:** Pero eu estou falando de que vostede intenta culpabilizar ó Partido Socialista, cabezas de turco. Mire nós non lle admitimos que nos trate de cabezas de turco, non llo admitimos, vostede vote en contra da moción, vote en contra da seguridade das persoas, que nós non vamos a asumir unhas culpas que non temos.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Voto en contra da demagogia pura e dura, nada máis.

**A sra. Morenza toma a palabra:** Non asumimos culpas que non son nosas, grazas señor Alcalde.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Votos a favor da moción

**O sr. Núñez toma a palabra:** É un pouco reiterar o que falamos, foi absolutamente un caos, foi un caos porque non houbo xestión, non houbo protocolo de actuación, estudio previamente de como se tiña que controlar esa afluencia masiva de xente que ía a vir, que veu a orquestra en outras ocasións e tal, e non houbo nada previsto, non houbo ningún protocolo, non houbo absolutamente nada, máis que tres axentes da Policía Local, porque os outros estaban de vacacións, máis que seis membros de Protección Civil, que estarían por alí vendidos tamén, e os dous gardas que estaban tamén fóra de, botando as mans á cabeza, iso foi o protocolo, iso non foi nada, o que hai que facer é establecer un protocolo previo, onde se regule que cometido vai ter cada número desa xente e saber o que se vai a facer e o que non, e despois pasarán cousas, pero polo menos hai algo previsto, que pode ser mellorable, pero hai algo, pero é que aquí non había nada, entón pois nada máis, nós votamos a favor da moción.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moi ben, votos a favor da moción.

**A sra. Morenza toma a palabra:** Só facer unha precisión, o noso compañeiro que ía na lista, só dixo que o campo da festa podía anegarse se chovía, que logo finalmente non choveu. Iso díxoo o noso, a persoa que ía na nosa lista, que non vamos poñer nome, vostedes non o quixeron poñer, pois nós



tampouco o queremos poñer. Pero a persoa que representa ó Partido Popular, que preside a Agrupación de Voluntarios de Protección Civil, que creo que é o número nove da lista, que podía ser Concelleiro como xa dixen, fixo no seu día declaracións insultando en facebook, ou en twitter, non me lembro agora, fixo insultos a traballadores dun supermercado deste Concello, é unha cadea de supermercados, de Mercadona, vamos, fixo insultos dese supermercado señor Alcalde, en facebook fíxoo un Concelleiro, iso si que é grave, pero é que un compañeiro noso diga que ó mellor chove nunhas festas, señor Alcalde por favor, non nos tome o pelo, non é o mesmo que chova que insultar a traballadores deste País

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Non misture churras con merinas, a min non me consta iso que vostede di.

**A sra. Morenza toma a palabra:** Pero iso cónstalle que tivo que pedir desculpas, esa persoa que pode ser Concelleira dun momento a outro, cando vostede xa se aburra de ocupar definitivamente o sillón, esa persoa fixo declaracións e tivo que retractarse publicamente, que nós por agora non nos tivemos que retractar publicamente.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Votos a favor da moción, votos en contra. Moi ben, queda rexeitada entón a moción.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando rexeitado cos votos a favor do BNG e do PSdeG-PSOE, e os votos en contra do PP, o seguinte acordo: **“Moción do PSdeG-PSOE para habilitar servizos especiais de seguridade e emerxencia ante a celebración de actos multitudinarios ou que se caractericen pola súa relevancia”**

### - PARTE DE CONTROL

#### 9- DACIÓN DE CONTAS DE RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Pasamos ó punto nove que é Dación de contas de resolucións de Alcaldía, isto é dar conta, teñen copia, e o dez que son rogos e preguntas como sempre por escrito.

#### 10- ROGOS E PREGUNTAS.

**A sra. González toma a palabra:** A pesar de accidentes que houbo en veráns anteriores, as lousas, o



lousado que está nas piscinas segue esvarando moitísimo e séguense caendo nenos, algunhas están levantadas, e pódense cortar, o parque está sucio, hai avespas, onda as escaleiras habería que limpar tamén, na baixada das escaleiras. Nos bancos do Parque dos patos, hai un deles, ou algúns están rotos, habería que repoñelo. Silveiras na baixada das escaleiras ó Parque dos patos. En aras á transparencia deste Concello que cada vez é menos, solicitaríamos que cando se fagan bases reguladoras para entrar en campamentos, etc, etc..., se nos pasen con antelación, non “a posteriori”, a nós chégannos as bases de regulamento dos campamentos de verán nos últimos anos, despois de que os nenos e as nenas sexan xa admitidos ou excluídos, xa está todo feito. Entón solicitamos que cando menos, anos ha, traíanos aquí e había un debate, e podíanse mellorar, desde uns anos para aquí, non sei por que, fanse en vez de ordenanzas bases, e apróbanas en Xunta de Goberno Local e aí nolas dean todas, co cal a falta de transparencia é total e absoluta, debe ser porque aquelas veces a oposición como eran mellorables, apostaba por melloralas e vostedes vían aí pois un problema, non o sei, non sei por que. Ben, e con respecto ás Concelleiras que teñen dedicación exclusiva, que cobran un soldo por estar aquí, me parece a min que o mínimo que podían facer era un respecto cando unha compañeira fala, ou un compañeiro, sexa da oposición, ou por moita gracia que lle faga, cando vaian ó bar, lo comentan y se rín de todos nós lo que les de la gana, pero mentres estean aquí creo que deben manter as formas, porque a min, a Victoria non, pero a min si que me molesta.

**A sra. Morenza toma a palabra:** Que se intensifique as campañas de desratización na Valenzá debido á presenza habitual destes animais en rúas coma a do Outeiro, ou San Bernabé, por dicir só algúns exemplos, hai ratas ben grandes, e gustaríanos algún día unha foto, e traerlle a foto da rata aquí, porque parece que non existen. Que se levan a cabo ós arranxo e adaptacións necesarias nas canchas deportivas da Solaina, debido ás numerosas deficiencias deportivas que presentan dende hai anos, e non vai ser o Partido Socialista o que vaia alí faga un informe, porque non é o noso traballo iso tamén, porque o trouxemos cen mil veces aquí, falta la lousa, falta la rexilla, home por favor, nós non estamos para iso, ten que ser a Concelleira de deportes ou a Concelleira de obras quen se encargue de iso, xa é un tema tan manido. Que se levan a cabo labores de limpeza nas inmediacións da depuradora de Santa Uxía, e que se intensifique o mantemento e control da instalación, temos entendido, nós xa llo trasladamos á Concelleira de obras, e cremos que tomou nota, non sei si se vai facer, si se fixo ou si se fará, temos entendido que incluso nos teñen recomendado que presentemos un escrito en Aquagest, porque claro que as nosas peticións non son atendidas, e xa o fixemos o ano pasado. Que se retire definitivamente a grúa ubicada na rúa das Burgas, esta petición xa a fixo o BNG, xa a fixemos nós,



nós volvemos a pedir que se retire, nós xa non nos metemos en cuestións técnicas, pedimos que se retire porque a veciñanza o está pedindo porque ten medo simplemente. Que se arranxen os baches nas vías máis transitadas, por exemplo na Avda. De Celanova, hai lugares moi transitados preto do paso de peóns da glorieta da familia. Que se repoñan as lousas rotas na piscina municipal, traemos fotos eiquí, ten habido accidentes, cortes, o fillo da nosa Concelleira cortouse hai uns días, máis claro auga, non estamos mentindo, están lousas rotas, os nenos córtanse. Que se leven a cabo labores de poda de árbores no Campo de Roma en Piñor, que se faga dun xeito racional e selectivo, para que queden lugares de sombra, nun lugar no que acoden diariamente numerosas persoas adultos e cativos, e que non teñen onde guarecerse do sol, unha cousa é podar, e outra cousa é xa non sei, aguadañar. Que se desbrocen os camiños secundarios, por exemplo en Piñor que os levamos pedido xa non sei canto tempo, esperamos, esperamos, esperamos, pero a quen llo temos que pedir ó San Pancracio, á Concelleira de obras xa llos pedimos, pero témosllo que pedir ó San Pancracio ou a Santa Bárbara. E despois temos unha pregunta: ¿cando ten previsto que a veciñanza de Parada e Piñor se beneficie dos bonos do desconto do autobús?. E unha última que no paseo dos Amieiros hai unha lousa levantada, que pode ser perigosa, unha arqueta levantada que pode ser perigoso para as persoas que circulan por alí, pode caer un neno tamén, o señor Tenente Alcalde todo lle fai gracia, é marabilloso con este home.

**O sr. Valcárcel toma a palabra:** Primeiro, a actuación que se está levando a cabo, que se acaba de levar a cabo nesta estrada que nos trae a todos hasta Barbadás vaise deixar así, a grava miúda ou a grava vai quedar así.

**O sr. Tenente Alcalde toma a palabra:** Hai que limpalo e pintalo

**O sr. Valcárcel toma a palabra:** Cando se vai facer iso

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Hai que esperar que vaia absorbendo, hai que esperar que absorba un pouco a grava miúda.

**O sr. Valcárcel toma a palabra:** É que vostedes non sei si saben que xa houbo posibilidades de contratempes graves, tamén son holocáustico, e tamén son catastrofista, xa estiveron a piques varios coches de irse por aí, aviso a sinalización non é suficiente, tomen nota, como di o señor Alcalde tomamos nota, tomen nota, alerta de que pode haber un contratempo grave, e con choiva máis, como ocorreu estes días, o sea que vostedes son os responsables de que ocorra algo. Segunda cuestión dedicado a, ou adicado á Concelleira de deportes: primeiro aquí hai unha normativa, ficha de inscrición das Escolas deportivas do Concello de Barbadás para o ano 2014-2015, regulamento



interno, en castelán, totalmente en castelán, despois fala, normas de convivencia da Escola de fútbol, supoño que será de todas as escolas, porque no encabezamento fala Regulamento interno, “las normas de convivencia de la Escuela de fútbol”, supoño que serán de todas as escolas, non da escola de fútbol, fala do réxime interno, volvo a insistir está en castelán, falamos aquí de que toda a documentación do Concello debe ser elaborada en galego, agradezo que se tome nota, outra cuestión máis para a Concelleira de deportes, cambiouse a tenda de subministro de roupa deportiva, ¿cal é a razón?

**A sra. Vispo toma a palabra:** O servizo que nos estaba dando ultimamente.

**O sr. Valcárcel toma a palabra:** ¿Cal é a tenda en cuestión?

**A sra. Vispo toma a palabra:** A actual é Moncho Deportes.

**O sr. Valcárcel toma a palabra:** ¿É certo que está vencellada por lazos familiares ou de amizade por algún dos responsables da escola?

**A sra. Vispo toma a palabra:** Mira non é certo, en primeiro lugar durante case dous meses, pasaron sete, oito persoas de distintas tendas, de distintas fábricas para facer o seu servizos de vender a roupa, e decidiuse para que saíse máis barato, foi que había que buscar unha ubicación, unha tenda, para que a fábrica, se pedira a roupa a través deles, é o único que se fixo, pero non ten ningunha vinculación, que me conste a min, porque eu si che digo a verdade que eu non os coñecía de nada, e a verdade é esa.

**O sr. Valcárcel toma a palabra:** Dado que existe ese rumor, non estaría de máis investigalo, pódese preguntar, e creo que todos sabemos ó que me refiro agora mesmo, ó director da Escola deportiva, Modesto, que teña algunha vinculación familiar con el, iso é o que chegou ós meus oídos, non sei si é certo ou non, reitero. Tamén para a Concelleira de deportes, o custo do equipamento deportivo para os asistentes ás Escolas deportivas debe de resultar moi alto, de feito aquí faise unha relación de material deportivo que precisan levar os asistentes, e por exemplo en algunhas das Escolas precisan oito pezas de roupa, hai xente que non pode pagar isto, e xente que ten incluso problemas no día a día, si está previsto algún tipo de axuda, para estas persoas.

**A sra. Vispo toma a palabra:** Cando facemos as reunións cos pais, si hai algún problema, e xa o houbo, e a xente veu falar con nós, e xa a través de Servizos Sociais se lle dixo que fora alí, vamos a ver Valcárcel, dígocho porque foron. Pero vamos a ver hai escolas que precisan máis roupa e outras menos, e incluso pódoches facer, dicir que que na Escola de ximnasia rítmica, a ver, nós dixemos que era mellor que levaran o chándal enteiro, e a verdade é que solo utilizan a parte de arriba, entón díxoselle que é mellor iso, e nós facémoslle caso ós pais, cando vemos que é unha cousa que



realmente é así, facémolles ver que efectivamente pois teñen razón, o sea, que sempre tomamos acordos con eles, nas escolas teñen que ir uniformados para que vexan que as Escolas deportivas de Barbadás están uniformados e onde vaian que se identifiquen correctamente.

**O sr. Valcárcel toma a palabra:** Non vou ó feito de que a resposta ou a solución sexa a axuda social, vamos a que haxa algún tipo de bonificación, desconto, criterio homoxéneo como pode haber noutro tipo de temas, como pode ser o IBI, ou outro tipo de ordenanza, algunha exención en función do IMPREM, en función da renda familiar, ou algo, aquí non, os nenos non teñen porque ir, na miña opinión, polos pais evidentemente, acompañados polos pais, ou a través dunha decisión dos pais, á asistencia social que lles axude, acabamos de falar de axuda social Chelo, expliqueime mal, quero dicir que vaia o pai para que solicite unha axuda para o neno, consideramos que este tipo de actividades, as Escolas deportivas, deberían de ter algún tipo de exención, bonificación, ou algo que reduza o custo que llo faga gratuíto ás persoas que estean nunha situación económica apertada, non a través de acudir a axuda social, pero pódese facer a través de bonificacións ou exencións.

**A sra. Vispo toma a palabra:** O custe da roupa das escolas deportivas xa está ó mínimo, e o que fixemos durante estes meses de traballo foi mirar o prezo da roupa onde era máis barato, e tu si ves as diversas escolas que hai na provincia a nosa é a máis barata, e senón demóstrame o contrario. E despois as axudas, vamos a ver, as familias que non poden, hasta agora os pais que viñeron a falar con nós, déuselle a resposta que é iso, que é mandalo a Servizos Sociais, vamos a ver xa teñen bonificacións en función da renda e en diversas escolas, e tú o sabes, si ten irmáns solo paga un, que sabes que o Concello de Barbadás, o prezo das Escolas deportivas é o máis barato.

**O sr. Valcárcel toma a palabra:** Simplemente transmito o que me transmite a veciñanza que considero que é de xustiza. Agora unha cuestión máis para o señor Alcalde que me acaban de chegar por fotografías aquí no móbil, tres ademais agora mesmo, aquí na fonte do Regueiro, hai unha rexilla que teñen bastante espacio entre elas, aparte de que botan un cheiro impresionante, é o que me están trasladando, ademais é certo porque eu estiven hai poucos días aí, entón senón era posible colocar unha rexilla cadrada, na fonte do Regueiro en Barbadás, claro eu creo que se deron por aludidos, sabían onde eran, si é posible porque aquí están as fotografías vese o espacio que hai entre os barotes, pero ademais sabe perfectamente o señor Alcalde que bota moito cheiro.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Vamos a ver aí hai un problema, es rexilla se é a que eu penso, é unha rexilla moi alargada.

**O sr. Valcárcel toma a palabra:** É unha rexilla tubular



**O sr. Alcalde toma a palabra:** Pero alargada que está ó lado onde se poñía antes os recipientes para coller a auga, non véxollo complicado

**O sr. Valcárcel toma a palabra:** Pero si se tapa.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Pero si se tapa despois por onde vai a auga que reborda cando

**O sr. Valcárcel toma a palabra:** Unha tapa cadrada, a rexilla en vez de rexilla cuberta

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Miramos iso

**A sra. Morenza toma a palabra:** Solo quería facer unha pregunta que se me esqueceu antes sobre a prestación do servizo, sobre deixar os locais públicos a usos puntuais e privados que o Alcalde despois do anterior Pleno, ou no anterior Pleno temos entendido que dixo que si que se podía estudar a posibilidade, aínda que o Tenente Alcalde non lle fai tanta gracia, como ó mellor o Alcalde é máis aberto e máis dialogante neste tema, entón hai pouco presentou unha persoa unha petición neste sentido o día vinte e sete e aínda non lle foi contestada, temos entendido que non lle foi contestada. En todo caso vanse atender este tipo de peticións como quedamos

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Si. Concluimos entón este Pleno, moitas grazas e hasta o próximo.

Concluído o anterior, non sendo outro o obxecto da convocatoria, pola Presidencia dáse por finalizada a sesión, sendo as 14:25 horas, no lugar e data ó principio indicados, estendéndose a presente acta, de todo o que, como secretario, dou fe.

O ALCALDE

O SECRETARIO